



Consello de Contas
de Galicia

**NFORME DE FISCALIZACIÓN DA
CONTA XERAL DAS ENTIDADES
LOCAIS DE GALICIA**

EXERCICIO 2016



ÍNDICE

RESUMO EXECUTIVO	3
INTRODUCCIÓN. CONSULTA WEB DA INFORMACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA	3
SECTOR PÚBLICO LOCAL.....	.4
RENDICIÓN DE CONTAS.....	.4
LIQUIDACIÓN AGREGADA.....	5
CONTA XERAL DAS DEPUTACIÓNNS PROVINCIAIS	7
CONTA XERAL DOS CONCELLOS	8
Concellos de máis de 50.000 habitantes.....	8
Concellos de entre 20.001 A 50.000 habitantes	9
Concellos de entre 10.001 a 20.000 habitantes.....	10
Concellos de entre 5.001 a 10.000 habitantes.....	10
Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	11
CONTA XERAL DO RESTO DE ENTIDADES	12
ENDEBEDAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.....	13
VIABILIDADE FINANCEIRA.....	14
I. INTRODUCIÓN.....	17
I.1 ANTECEDENTES	17
I.2 OBXECTIVOS	17
I.3 ALCANCE E PROCEDIMENTOS DE FISCALIZACIÓN	18
I.3.1. Fontes de información	18
I.3.2. Alcance	18
I.3.3. Procedimentos de fiscalización.....	18
I.4 NORMATIVA LEGAL	19
I.5 LIMITACIÓNXS AO ALCANCE.....	20
I.6 RESPONSABILIDADES	21
I.6.1 Responsabilidade do ente fiscalizado	21
I.6.2 Responsabilidade do Consello de Contas	21
II. SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA.....	22
III. RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2016	25
III.1. ANÁLISE DA OBRIGA DE RENDICIÓN.....	25
III.1.1 Entidades que non renden a conta xeral.....	26

III.1.2 Entidades que remitiron contas	28
III.2 ANÁLISE DAS DEFICIENCIAS QUE PRESENTAN AS CONTAS.....	33
III.2.1 Deficiencias nos prazos de tramitación	33
IV. SITUACIÓN FINANCEIRA DO SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA... 34	
IV.1 CONTA XERAL AGREGADA	35
IV.1.1. Liquidación agregada do orzamento de ingresos	35
IV.1.2. Liquidación agregada do orzamento de gastos	37
IV.1.3. Evolución temporal.....	38
IV.1.4. Finalidade do gasto	41
IV.1.5. Capacidad/Necesidade de financiamento	44
IV.2 CONTA XERAL DAS DEPUTACIÓNIS PROVINCIAIS	46
IV.2.1 Estrutura dos orzamentos	48
IV.2.2 Magnitudes orzamentarias	50
IV.2.3 Remanente de tesourería.....	51
IV.2.4 Comparativa nacional	52
IV.3 CONTA XERAL DOS CONCELLOS	53
IV.3.1 Concellos de más de 50.000 habitantes.....	56
IV.3.2 Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes.....	65
IV.3.3 Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	76
IV.3.4 Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	86
IV.3.5 Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	95
IV.4 RESTO DE ENTIDADES	106
IV.4.1 Estrutura dos orzamentos	108
IV.4.2. Evolución das magnitudes orzamentarias.....	110
IV.4.3.Remanente de tesourería.....	112
V. ENDEBEDAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS..... 113	
V.1. ENDEBEDAMENTO VIVO	114
V.2 ÍNDICE DE CARGA FINANCEIRA	115
V.3 SUSTENTABILIDADE DA DÉBEDA.....	117
V.4 COMPARATIVA NACIONAL	118
VI. VIABILIDADE FINANCEIRA..... 119	
VI.1 DEPUTACIÓNIS PROVINCIAIS	120
VI.2 CONCELLOS	120



VI.2.1. Concellos de máis de 50.000 habitantes.....	120
VI.2.2. Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes.....	120
VI.2.3. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	121
VI.2.4. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.....	123
VI.2.5. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	125
VI.3 RESTO DE ENTIDADES	131
ANEXOS	135



ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1 Entidades locais de Galicia.....	22
Cadro 2 Distribución da poboación de Galicia.....	24
Cadro 3 Evolución relativa da poboación no concellos de Galicia (Exercicio 2006 base 100)	24
Cadro 4 Detalle da rendición de contas	25
Cadro 5 Entidades que non remiten a conta xeral.....	26
Cadro 6 Detalle do resto de entidades que non renden a conta xeral en 2016 e anteriores.....	27
Cadro 7 Detalle da remisión por datas clave	29
Cadro 8 Entidades que remiten documentación con defectos que implican a non rendición	30
Cadro 9 Relación de entidades que omiten outra documentación esencial.....	31
Cadro 10 Entidades que renden en prazo	32
Cadro 11 Entidades que renden fóra de prazo	32
Cadro 12 Incumprimento dos prazos de tramitación da Conta xeral	34
Cadro 13 Liquidación agregada orzamento de ingresos.	36
Cadro 14 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Distribución provincial.....	37
Cadro 15 Liquidación agregada orzamento de gastos.	37
Cadro 16 Liquidación agregada orzamento de gastos. Distribución provincial	38
Cadro 17 Evolución temporal do orzamento de ingresos.....	39
Cadro 18 Evolución temporal do orzamento de gastos.....	39
Cadro 19 Evolución temporal dos orzamentos. Por Comunidade Autónoma.	40
Cadro 20 Créditos definitivos por áreas de gasto.....	42
Cadro 21 Peso relativo das áreas de gasto.	42
Cadro 22 Peso relativo das políticas de gasto.	43
Cadro 23 Capacidad/Necesidade de financiamento do sector local Galicia.	44
Cadro 24 Entidades que non cumplen coa estabilidade orzamentaria. Exercicio 2016.	45
Cadro 25 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Deputacións Provinciais.....	46
Cadro 26 Liquidación agregada orzamento de gastos. Deputacións Provinciais	47
Cadro 27 Resultado Orzamentario. Deputacións Provinciais.....	47
Cadro 28 Estructura dos orzamento. Deputacións Provinciais	49
Cadro 29 Aforro Bruto. Deputacións Provinciais.....	50
Cadro 30 Superávit non financeiro. Deputacións Provinciais.....	50
Cadro 31 Variación do endebedamento. Deputacións Provinciais	51
Cadro 32 Remanente de tesourería. Deputacións Provinciais	52
Cadro 33 Comparativa nacional. Deputacións Provinciais	53
Cadro 34 Detalle Liquidación agregada por tipo entidad.....	54
Cadro 35 Comparativa ingresos e gastos por habitante dos concellos a nivel nacional.	54

Informe de fiscalización da conta xeral das entidades locais de Galicia. Exercicio 2016

Cadro 36 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Concellos tramo 1	56
Cadro 37 Liquidación agregada orzamento de gastos. Concellos tramo 1.	57
Cadro 38 Resultado orzamentario. Concellos tramo 1.....	57
Cadro 39 Estrutura do orzamento. Concellos tramo 1.....	59
Cadro 40 Detalle da estrutura do orzamento. Concellos tramo 1.....	60
Cadro 41 Ingreso tributario por habitante. Concellos tramo 1.....	60
Cadro 42 Aforro Bruto. Concellos tramo 1.....	61
Cadro 43 Superávit non financeiro. Concellos tramo 1.....	61
Cadro 44 Variación endebedamento. Concellos tramo 1.....	62
Cadro 45 Remanente de tesourería. Concellos tramo 1.....	63
Cadro 46 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Concellos tramo 2.....	65
Cadro 47 Liquidación agregada orzamento de gastos. Concellos tramo 2.	66
Cadro 48 Resultado orzamentario. Concellos tramo 2.....	67
Cadro 49 Estrutura do orzamento. Concellos tramo 2	69
Cadro 50 Detalle da estrutura do orzamento. Concellos tramo 2	70
Cadro 51 Ingreso tributario por habitante. Concellos tramo 2	70
Cadro 52 Aforro Bruto. Concellos tramo 2.....	71
Cadro 53 Superávit non financeiro. Concellos tramo 2.....	72
Cadro 54 Variación endebedamento. Concellos tramo 2	72
Cadro 55 Remanente de tesourería. Concellos tramo 2	74
Cadro 56 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Concellos tramo 3.....	76
Cadro 57 Liquidación agregada orzamento de gastos. Concellos tramo 3.	77
Cadro 58 Resultado orzamentario. Concellos tramo 3.....	78
Cadro 59 Estrutura do orzamento. Concellos tramo 3	79
Cadro 60 Aforro Bruto. Concellos tramo 3.....	81
Cadro 61 Superávit non financeiro. Concellos tramo 3.....	82
Cadro 62 Variación endebedamento. Concellos tramo 3	82
Cadro 63 Remanente de tesourería. Concellos tramo 3.....	84
Cadro 64 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Concellos tramo 4	86
Cadro 65 Liquidación agregada orzamento de gastos. Concellos tramo 4 ..	87
Cadro 66 Resultado orzamentario. Concellos tramo 4.....	87
Cadro 67 Estrutura do orzamento. Concellos tramo 4	89
Cadro 68 Aforro Bruto. Concellos tramo 4.....	90
Cadro 69 Superávit non financeiro. Concellos tramo 4	91
Cadro 70 Variación endebedamento. Concellos tramo 4	92
Cadro 71 Remanente de tesourería. Concellos tramo 4	93
Cadro 72 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Concellos tramo 5	96
Cadro 73 Liquidación agregada orzamento de gastos. Concellos tramo 5 ..	96



Cadro 74 Resultado orzamentario. Concellos tramo 5.....	97
Cadro 75 Concellos con resultado orzamentario negativo. Concellos tramo 5.....	97
Cadro 76 Estrutura do orzamento. Concellos tramo 5	99
Cadro 77 Aforro Bruto. Concellos tramo 5.....	100
Cadro 78 Superávit non financeiro. Concellos tramo 5.....	101
Cadro 79 Variación endebedamento. Concellos tramo 5.....	102
Cadro 80 Remanente de tesourería. Concellos tramo 5.....	103
Cadro 81 Entidades con remanente de tesourería negativo. Concellos tramo 5	104
Cadro 82 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Resto de entidades	107
Cadro 83 Liquidación agregada orzamento de gastos. Resto de entidades	107
Cadro 84 Resultado orzamentario. Resto de entidades	108
Cadro 85 Estrutura do orzamento. Resto de entidades.....	109
Cadro 86 Aforro Bruto. Resto de entidades	110
Cadro 87 Aforro Bruto Negativo. Resto de entidades.....	111
Cadro 88 Superávit non financeiro. Resto de entidades	111
Cadro 89 Déficit non financeiro. Resto de entidades	111
Cadro 90 Variación endebedamento. Resto de entidades.....	112
Cadro 91 Remanente de tesourería. Resto de entidades	113
Cadro 92 Endebedamento vivo das entidades locais de Galicia	114
Cadro 93 Evolución temporal do endebedamento vivo das entidades locais de Galicia	115
Cadro 94 Evolución do índice de carga financeira das entidades locais de Galicia.....	116
Cadro 95 Sustentabilidade da débeda das entidades locais de Galicia.....	117
Cadro 96 Viabilidade financeira. Deputacións.....	120
Cadro 97 Viabilidade financeira. Concellos de más de 50.000 habitantes.....	120
Cadro 98 Viabilidade financeira. Concellos de 20.001 a 50.000 habitantes	121
Cadro 99 Viabilidade financeira. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes	122
Cadro 100 Viabilidade financeira. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes	123
Cadro 101 Viabilidade financeira. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	126
Cadro 102 Viabilidade financeira. Resto de entidades.....	132

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1 Poboación nos concellos galegos. Evolución relativa	24
Gráfico 2 Resumo das contas remitidas por exercicio	33



ANEXOS

Anexo 1 Entidades que renden a conta xeral	137
Anexo 2 Entidades que remiten a conta xeral	146
Anexo 3 Entidades que non renden a conta xeral	146
Anexo 4 Estrutura do orzamento de ingresos. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	147
Anexo 5 Estrutura do orzamento de ingresos. Tributos locais. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	148
Anexo 6 Aforro Bruto. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	149
Anexo 7 Saldo Orzamentario non financeiro. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	150
Anexo 8 Variación do endebedamento. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	151
Anexo 9 Remanente de tesourería. Concellos de 10.001 a 20.000 habitantes.....	152
Anexo 10 Estrutura do orzamento de ingresos. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.....	154
Anexo 11 Estrutura do orzamento de ingresos. Tributos locais. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.....	155
Anexo 12 Aforro Bruto. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.....	157
Anexo 13 Saldo Orzamentario non financeiro. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.....	159
Anexo 14 Variación do endebedamento. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.....	160
Anexo 15 Remanente de tesourería. Concellos de 5.001 a 10.000 habitantes.....	162
Anexo 16 Estrutura do orzamento de ingresos. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	164
Anexo 17 Estrutura do orzamento de ingresos. Tributos locais. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	170
Anexo 18 Aforro Bruto. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	175
Anexo 19 Saldo Orzamentario non financeiro. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	181
Anexo 20 Variación do endebedamento. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	187
Anexo 21 Remanente de tesourería. Concellos de menos de 5.000 habitantes.....	192
Anexo 22 Aforro Bruto. Resto de entidades.....	198
Anexo 23 Saldo Orzamentario non financeiro. Resto de entidades.....	199
Anexo 24 Variación do endebedamento. Resto de entidades.....	200
Anexo 25 Remanente de tesourería. Resto de entidades.....	201

SIGLAS

TRLRFL	Texto Refundido da Lei reguladora das facendas Locais
IBI	Imposto sobre bens inmobilés
ICIO	Imposto sobre construcións, instalacións e obras
IAE	Imposto sobre actividades económicas
IIVTNU	Imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana
IVTM	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica
ETAIC	Entidades territoriais de ámbito inferior ao concello
RDL	Real decreto lei
DRN	Dereitos recoñecidos netos
ORN	Obrigas recoñecidas netas
PIE	Participación Ingresos do Estado
RT	Remanente de tesourería
IC	Ingresos correntes

RESUMO EXECUTIVO

INTRODUCCIÓN. CONSULTA WEB DA INFORMACIÓN ECONÓMICO FINANCIERA

O artigo 223 do TRLRFL impón ás entidades locais a obriga de render as súas contas antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren, establecendo o devandito TRLRFL e as diversas instrucións de contabilidade o seu contido, estrutura e norma de elaboración.

Mediante Acordo do Pleno do Consello de Contas do 31 de maio de 2016 (publicado por resolución do 1 de xuño de 2016), apróbase a Instrucción que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición, establecéndose que a mesma deberá ser remitida ao Consello de Contas de Galicia exclusivamente por vía telemática, a través da plataforma de rendición de contas (www.rendiciondecuentas.es), accesible desde a páxina web do Consello de Contas de Galicia (www.ccontasgalicia.es).

Este proceso de rendición da Conta Xeral é un proceso aberto no tempo, no que non existe un límite temporal que o peche, de xeito que en calquera momento as entidades locais poden remitir a Conta Xeral de calquera exercicio.

É por iso que o presente informe reflicte una visión estática das contas tanto do exercicio 2016 como dos datos dos exercicios anteriores que se toman en consideración, e que foron recibidas ata a data de elaboración do mesmo (5 de marzo de 2018). Unha información permanentemente actualizada, tanto da rendición de contas como da situación financeira do sector público local de Galicia (e estatal), está dispoñible para a súa consulta na páxina web do Consello de Contas de Galicia (<http://www.conselloodecontas.es/es>), información navegable mediante a utilización dos filtros que se poñen a disposición do usuario, e que se estrutura nas seguintes seccións:

- Datos da rendición do sector local de Galicia: Permite consultar o cumprimento da obriga de rendición da Conta Xeral, que afecta a todas as entidades locais de Galicia, así como o histórico da rendición. Esta información actualizase a diario
- Información agregada do sector local: Neste apartado preséntanse de xeito agregado datos extraídos das contas anuais rendidas polas entidades do sector local. Poden consultarse os principais indicadores de magnitudes orzamentarias (a nivel consolidado por tipo de

entidade), así como estados contables agregados co mesmo nivel de detalle. A frecuencia de actualización dos datos é semanal.

- Información das entidades do sector local: Recolle datos extraídos das contas anuais rendidas polas entidades do sector local. Os datos preséntanse tanto de xeito consolidado (entidade principal e os seu entes dependentes) como a nivel individual. A frecuencia de actualización dos datos é semanal.

SECTOR PÚBLICO LOCAL

1. O sector público local galego está integrado por 362 entidades principais (314 Concellos, 4 Deputacións, 35 Mancomunidades e 9 Entidades Locais Menores), ao que se engaden 20 organismos autónomos, 15 consorcios, 23 sociedades mercantís e 3 fundacións, acadando a cifra total de 423 entidades.

2. No exercicio 2016 basicamente mantense o número total de entidades dependentes das entidades locais de Galicia, aínda que o 22 de marzo de 2010 o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas aprobou o Acordo marco para a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas e locais, no que se plasman unha serie de compromisos orzamentarios co obxectivo de avanzar no plano de axuste estrutural do conxunto das Administracións Públicas, que inclúe como compromiso a adopción de medidas de supresión ou transformación de entes dependentes.

3. Tres mancomunidades (Mancomunidade Ribeira Sacra, Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia e Mancomunidade de Xallas-Tines-Tambre) así como dous consorcios (consorcio Conxo Frieiras e consorcio do Noroeste) declaran non ter actividade, situación que se repite dende o exercicio 2005 e razón pola que non rendern a súa conta xeral. A este respecto, os artigos 209 e 212 do TRLRFL impoñen de modo incondicional a todas as entidades locais a obrigación de formar e render a súa Conta Xeral, de xeito que dende a súa constitución e ata a disolución definitiva, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obrigación de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

RENDICIÓN DE CONTAS

4. Recíbense no Consello de Contas 344 contas xerais, das que 266 (73,48%) se remiten en prazo e 78 (21,55%) fóra de prazo. Neste exercicio descende o número total de contas remitidas ao Consello de Contas (de 351 contas remitidas do exercicio 2015 ata as 344 remitidas do exercicio 2016), se ben diminúe o tempo empregado polas entidades para cumplir coa súa



obriga de render contas, aumentando o número de entidades que a cumpren en prazo (pasando das 234 entidades do exercicio 2015 ás 260 do exercicio 2016).

5. Diminúe o número de entidades locais que remiten a conta xeral sen que conste a aprobación da mesma polo pleno da entidade local (pasando de 2 entidades no exercicio 2015 a 1 no exercicio 2016), omisión que leva a considerar a rendición da conta como documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida. E igualmente, de xeito negativo, destaca que noutras 8 ocasións a conta xeral é remitida con omisión doutra documentación esencial, o que ten o mesmo efecto de consideración de conta xeral non rendida.

6. Tan só 107 entidades (31,01% das entidades que remitiron a conta xeral) aproban o seu orzamento en prazo, o que desvirtúa a súa natureza de documento para o debate no deseño das políticas públicas, sistema de información para a xestión económica do goberno e documento para a mellora sistemática das diferentes políticas a través da avaliación dos resultados obtidos. E son 250 entidades (72,46% do total de entidades que remitiron a conta xeral) as que aproban a súa conta xeral antes do 1 de outubro do exercicio 2017, tal como esixe o TRLRFL.

LIQUIDACIÓN AGREGADA

7. A liquidación do orzamento de ingresos do sector público local da comunidade autónoma de Galicia contén dereitos recoñecidos netos por un importe global de 2.879,18 millóns de euros, correspondendo o 80,88% dos mesmos a dereitos recoñecidos polos concellos; o 18,24% dos mesmos a dereitos recoñecidos polas Deputacións Provinciais e o 0,88% restante ao resto ás demais entidades integrantes do sector público local. O 94,32% dos ingresos proceden das actividades ordinarias propias das entidades locais, o 4,20% de operacións de capital e o 1,48% restante de operacións financeiras.

8. A liquidación do orzamento de gastos do sector público local da comunidade autónoma de Galicia contén obrigas recoñecidas netas por un importe global de 2.634,15 millóns de euros, correspondendo o 81,98% a obrigas recoñecidas polos concellos; o 17,10%, a obrigas das Deputacións Provinciais e o 0,92% restante ás demais entidades. O 80,02% dos orzamentos destínanse a gastos derivados das actividades ordinarias propias das distintas entidades, o 13,98% a investimentos e o 6,09% restante ás obrigas derivadas das operacións financeiras.

9. Ás áreas de actuación do orzamento que concentran o maior volume de recursos son as dos servizos públicos básicos (servizos públicos básicos de prestación obligatoria), que absorbe o

35,93% das obrigas recoñecidas netas seguida da área de actuacións de carácter xeral, cun 20,31% das obrigas recoñecidas nestas. A política de gasto predominante dentro das actuacións de carácter xeral é a de benestar comunitario.

10. O exame do estado de liquidación do orzamento mostra unha capacidade de financiamento do exercicio de 348,16 millóns de euros, dos cales 104,33 millóns de euros se empregan na cancelación de endebedamento, quedando unha capacidade de financiamento adicional de 243,83 millóns de euros. Un total de 40 entidades locais presentan un saldo por operacións non financeiras negativo, se ben o conxunto do sector local presenta cifras positivas de xeito agregado.

11. Unha vez axustado ese saldo por operacións non financeiras para cuantificalo en termos de contabilidade nacional, redúcese ás seguintes 24 o número de entidades locais de Galicia que non cumplen os requisitos de estabilidade orzamentaria.

ENTIDADES QUE NON CUMPREN A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. EXERCICIO 2016					
Tipo	Nome	Provincia	Cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria criterios SEC	Importe saldo non financeiro	Cumprimento Regra do gasto
Concello	Arzúa	Coruña, A	Non Cumple	-338.186,14	Non Cumple
Concello	Cerceda	Coruña, A	Non Cumple	-439.729,89	Non Cumple
Concello	Curtis	Coruña, A	Non Cumple	-266.287,21	Non Cumple
Concello	Dumbría	Coruña, A	Non Cumple	-60.123,28	Cumple
Concello	Miño	Coruña, A	Non Cumple	-3.292.609,23	Non Cumple
Concello	Muxía	Coruña, A	Non Cumple	-447.623,60	Non Cumple
Concello	Pino (O)	Coruña, A	Non Cumple	-597.093,03	Non Cumple
Concello	Pontes de García Rodríguez (As)	Coruña, A	Non Cumple	665.775,47	Cumple
Concello	Teo	Coruña, A	Non Cumple	1.076.489,56	Non Cumple
Concello	Val do Dubra	Coruña, A	Non Cumple	61.581,58	Non Cumple
Concello	Foz	Lugo	Non Cumple	1.746.352,90	Non Cumple
Concello	Pol	Lugo	Non Cumple	62.703,06	Non Cumple
Concello	Ribeira de Piquín	Lugo	Non Cumple	-234.382,72	Cumple
Concello	Sober	Lugo	Non Cumple	-307.975,54	Non Cumple
Concello	Barbadás	Ourense	Non Cumple	10.288,78	Non Cumple
Concello	Calvos de Randín	Ourense	Non Cumple	-2.574,31	Non Cumple
Concello	Castrelo de Miño	Ourense	Non Cumple	-183.125,08	Non Cumple
Concello	Lobeira	Ourense	Non Cumple	-962,25	Non Cumple
Concello	Manzaneda	Ourense	Non Cumple	77.679,55	Cumple
Concello	Montederramo	Ourense	Non Cumple	-88.773,20	Cumple
Concello	Baiona	Pontevedra	Non Cumple	-36.058,96	Non Cumple



ENTIDADES QUE NON CUMPREN A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. EXERCICIO 2016					
Tipo	Nome	Provincia	Cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria criterios SEC	Importe saldo non financeiro	Cumprimento Regra do gasto
Concello	Agolada	Pontevedra	Non Cumple	-301.628,89	Non Cumple
Concello	Illa de Arousa (A)	Pontevedra	Non Cumple	-99.357,66	Cumple
Deputación	Deputación Prov. de Ourense	Ourense	Cumple	5.706.785	Non Cumple

CONTA XERAL DAS DEPUTACIÓNIS PROVINCIAIS

12. Os dereitos liquidados no exercicio 2016 (orzamento agregado) acadaron a cifra de 525,24 millóns de euros cun índice de execución do 60,08% sobre as previsións definitivas, cunha variación anual do -4,09% respecto dos dereitos liquidados no exercicio anterior. Así mesmo, as obrigas recoñecidas netas do exercicio ascenden a 450,46 millóns de euros, con grao de execución do 51,52% sobre os créditos definitivos, e unha diminución do 16,69% respecto das obrigas do exercicio anterior. Finalmente, o resultado orzamentario agregado das Deputacións foi de 180,96 millóns de euros, presentando todas elas un resultado positivo, cunha variación anual do 42,70% respecto do resultado orzamentario axustado do exercicio anterior.

13. Mantense a forte dependencia que teñen as Deputacións dos ingresos procedentes doutras administracións (transferencias), que representan o 77,01% dos seus ingresos totais, mentres que os tributos propios supoñen o 22,11%. Polo que respecta aos gastos, o 45,06% dos mesmos son gastos de funcionamento da entidade local e o 26,13% son gastos de capital, representando entre ambos o 71,19% do gasto total das Deputacións.

14. As catro Deputacións presentan aforro bruto positivo, reflectindo, polo tanto, a capacidade das entidades para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. E igualmente as catro Deputacións presentan unha situación de superávit por operacións non financeiras, que lles permite poder financiar os seus gastos sen necesidade de acudir a novo endebedamento. Esta magnitude presenta un mellor comportamento neste exercicio, cun incremento do 117,29% respecto do exercicio anterior motivado polas mellores cifras obtidas polas Deputacións, coa excepción da Deputación de Ourense, que empeora as cifras do exercicio precedente.

15. Todas as Deputacións provinciais presentan un remanente de tesourería positivo, aínda corrixido co importe das obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento, o que indica a capacidade das mesmas de fazer fronte ás súas obrigas a curto prazo a fin de exercicio (solvencia). A mellora da solvencia das Deputacións cuantifícase nun 19,99% respecto das cifras

do exercicio anterior, empeorando a súa situación a Deputacións de Ourense.

16. Finalmente, na comparativa coas Deputacións do resto do Estado resulta que as Deputacións galegas rexistran un ingreso por habitante que representa o 91,07% da media española, mentres que o gasto por habitante situase no 82,01% respecto da media.

CONTA XERAL DOS CONCELLOS

17. Os dereitos e obrigas recoñecida dos 314 concellos de Galicia representan o 80,88% e 81,98%, respectivamente, dos totais acadados polo sector público local de Galicia e presentan unas contías de ingresos e gastos por habitante que amosan o pequeno tamaño orzamentario dos concellos galegos comparados cos seus homólogos do resto do Estado.

18. Os ingresos e gastos por habitante do conxunto dos municipios galegos representa o 90,00% da media española, áinda que a tendencia interanual apunta a unha lixeira converxencia destes valores coa media nacional, especialmente no caso dos concellos de menos de 10.000 habitantes.

TIPO ENTIDADE		INGRESO/HABITANTE				GASTO/HABITANTE			
		2013	2014	2015	2016	2013	2014	2015	2016
Concellos	1-Máis de 50.000 habitantes	84,29%	78,66%	83,66%	88,71%	88,62%	80,85%	88,76%	87,57%
	2-De 20.001 a 50.000 habitante	76,47%	74,72%	86,48%	90,98%	82,11%	77,89%	86,32%	93,26%
	3-De 10.001 a 20.000 habitante	83,67%	81,98%	88,16%	93,95%	88,04%	85,25%	89,10%	97,07%
	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	85,47%	82,38%	92,66%	103,94%	88,33%	86,44%	90,91%	103,42%
	5-Menos de 5.000 habitantes	86,06%	85,87%	88,76%	102,13%	88,15%	87,49%	95,41%	105,30%

CONCELLOS DE MÁIS DE 50.000 HABITANTES

19. Os ingresos de natureza tributaria representan o 64,40% do total de ingresos, sendo as sete cidades galegas de máis de 50.000 habitantes o grupo de concellos de Galicia no que maior presenza teñen esta fonte de ingresos. Os ingresos procedentes doutras administracións públicas supoñen o 32,91% dos seus ingresos totais. Os concellos de Ferrol, Lugo e Vigo están por debaixo da media en ingresos tributarios por habitante, mentres que os concellos de Ferrol, Santiago de Compostela, A Coruña e Ourense reciben ingresos procedentes doutras Administracións Públicas por riba da media.

Polo que respecta aos gastos, o 74,55% son gastos de funcionamento da entidade local e o 10,32% son gastos de transferencias, representando entre ambos o 80,39% do gasto total destes concellos.



20. As sete cidades presentan aforro bruto positivo e unha situación de superávit por operacións non financeiras, o que lles permite financiar os seus gastos sen necesidade de acudir a novo endebedamento. Esta situación tradúcese na diminución do saldo vivo do endebedamento nas sete cidades, nun importe acumulado de 55,37 millóns de euros.

21. Este grupo de concellos presentan igualmente un remanente de tesourería positivo, aínda corrixido co importe das obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento, obrigas que experimentan un incremento do 44,39% respecto das cifras acadadas no exercicio anterior, coas excepcións dos concellos de A Coruña e Pontevedra, onde se reducen.

22. As sete cidades galegas rexistran un ingreso por habitante que representa o 88,71% da media española, mentres que o gasto por habitante ascende ao 87,57% da media española, situación que mellora con respecto a exercicios anteriores. As cifras de ingreso por habitante que presentan son das más baixas do Estado, superando solo ás dos concellos de La Rioja, Extremadura e Andalucía, aumentando o peso relativo dos mesmos respecto ao exercicio anterior, no que o índice era do 86,46% da media nacional.

CONCELLOS DE ENTRE 20.001 A 50.000 HABITANTES

23. Os ingresos de natureza tributaria representan o 58,14% do total de ingresos, e os procedentes doutras administracións públicas supoñen o 39,87%. Oito concellos están por debaixo da media en ingresos tributarios, sendo os peores datos os de Cangas, A Estrada e Redondela. Oito concellos están igualmente por debaixo da media no concepto de ingresos por transferencias, sendo as peores cifras as de Ames, Arteixo e Redondela. Polo que respecta aos gastos, o 77,65% son gastos de funcionamento da entidade local e o 11,67% son gastos de capital, ascendendo entre ambos ao 89,32% do gasto total destes concellos.

24. Os 15 concellos que integran neste tramo poboacional presentan aforro bruto positivo, reflectindo, polo tanto, a capacidade das entidades para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. Polo que respecta ao superávit ou déficit por operacións non financeiras, constátase que todos os concellos deste tramo manteñen unha posición de saldo orzamentario non financeiro positivo, que lles permite a diminución do saldo vivo do endebedamento nun importe agregado de 11,44 millóns de euros, endebedamento que se incrementa únicamente no concello de A Estrada.

25. Todos os concellos deste grupo, presentan un remanente de tesourería positivo, aínda corrixido co importe das obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento, salvo Ponteareas, o que indica a incapacidade deste concello de fazer fronte ás súas obrigas a curto

prazo a fin de exercicio.

26. Os 15 concellos deste tramo rexistran un ingreso por habitante que representa o 90,98% da media española, sendo ademais o segundo grupo de concellos galegos que peor dato presenta na comparativa cos seus homólogos nacionais, mentres que o gasto por habitante supón o 93,26% da media española e con idéntica consideración de ser o segundo peor dato comparativo dos concellos galegos.

CONCELLOS DE ENTRE 10.001 A 20.000 HABITANTES

27. Os ingresos de natureza tributaria representan o 57,27% do total de ingresos e os procedentes doutras administracións públicas supoñen o 41,33%. Polo que respecta aos gastos, o 80,18% son gastos de funcionamento da entidade local e o 10,15% son gastos de capital, ascendendo entre ambos o 90,33% do gasto total destes concellos.

28. Os 33 concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes presentan aforro bruto positivo, reflectindo, polo tanto, a capacidade das entidades para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. Polo que respecta ao superávit ou déficit por operacións non financeiras, constátase que, coa excepción de Baiona e Noia, o resto de concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes manteñen unha posición de saldo orzamentario non financeiro positivo, que lles permite financiar os seus gastos sen necesidade de acudir a novo endebedamento, o que se traduce na diminución do saldo vivo do endebedamento nun importe de 13,00 millóns de euros.

29. Os concellos de Bueu e Vilanova de Arousa presentan un remanente de tesourería negativo. Corrixindo esta cifra co importe das obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento, engádense os concellos de Cambados e Viveiro á lista de concellos incapaces de fazer fronte ás súas obrigas a curto prazo a fin de exercicio.

30. Os 33 concellos deste grupo rexistran un ingreso por habitante que representa o 93,25% da media española, mentres que o gasto por habitante representa o 97,07% da media española, constatándose a paulatina recuperación destes índices, o que significa que as diferenzas cos seus homólogos do Estado diminúen.

CONCELLOS DE ENTRE 5.001 A 10.000 HABITANTES

31. O resultado orzamentario agregado dos concellos deste tramo foi positivo, presentando todos eles un resultado positivo, agás os concellos de Negreira e Cereda, e supón un aumento 28,10% respecto do resultado orzamentario axustado do exercicio anterior.



32. Os ingresos de natureza tributaria representan o 47,37% do total de ingresos e os procedentes de outras administracións públicas supoñen o 46,25%. Polo que respecta aos gastos, o 77,26% son gastos de funcionamento da entidade local e o 13,56% son gastos de capital, ascendendo entre ambos o 90,82% do gasto total destes concellos.

33. Os 54 concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes presentan aforro bruto positivo, reflectindo, polo tanto, a capacidade das entidades para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. Polo que respecta ao superávit ou déficit por operacións non financeiras, constátase que coa excepción de 6 concellos (Miño, Cereda, Arzúa, Vimianzo, Vila de Cruces e Salvaterra), o resto de concellos deste tramo manteñen unha posición de saldo orzamentario non financeiro positivo. Pese a esa situación de superávit, este grupo de concellos volven acudir novamente a operacións de endebedamento para financiar os seus gastos, o que se traduce nun aumento do saldo vivo do endebedamento nun importe de 4,48 millóns de euros.

34. Un total de 5 concellos deste grupo (Cereda, Carral, Muros, Padrón e Salceda de Caselas) presentan un remanente de tesouería negativo. Corrixindo esta cifra co importe das obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento, engádense os concellos de Vedra, A Cañiza, Ponteceso e Negrera á relación de concellos incapaces de fazer fronte ás súas obrigas a curto prazo a fin de exercicio.

35. Os 54 concellos deste grupo rexistran un ingreso por habitante que representa o 103,94% da media española, sendo os de mellor comportamento de Galicia, xunto cos concellos de menos de 5.000 habitantes. En materia de gastos son tamén os concellos de mellor comportamento a nivel autonómico, acadando un índice de gasto por habitante do 103,42% da media nacional.

CONCELLOS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES

36. O resultado orzamentario agregado dos 200 concellos que remiten a conta xeral é positivo, presentando 17 deles un resultado negativo, o que supón unha diminución do 40,11% respecto do resultado orzamentario axustado do exercicio anterior.

37. Os ingresos de natureza tributaria representan o 37,95% do total de ingresos e os procedentes de outras administracións públicas representan o 60,60%. Polo que respecta aos gastos, o 72,02% son gastos de funcionamento da entidade local e o 21,17% son gastos de capital, representando entre ambos o 93,19% do gasto total destes concellos.

38. Un total de 5 concellos deste grupo (O Pino, Catoira, As Somozas, Vilarmaior e Castrelo do

Miño) presentan aforro bruto negativo, sendo polo tanto incapaces de financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. Polo que respecta ao superávit ou déficit por operacións non financeiras, constátase que 27 concellos manteñen unha posición de saldo orzamentario non financeiro negativo. Finalmente, respecto da variación do endebedamento, prodúcese a nivel global unha diminución do saldo vivo do endebedamento nun importe de 6,19 millóns de euros, sendo 14 os concellos que teñen que acudir a novo endebedamento (O Pino, Cabanas, Dumbría, A Baña, Lousame, Toques, Rois, Monfero, As Somozas, Cabana de Bergantiños, Dozón, Bande, Coirós e Verea).

39. Un total de 13 concellos deste grupo presentan un remanente de tesourería negativo. Corrixindo esta cifra co importe das obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento, o número de concellos con remanente de tesourería negativo sobe a 24.

40. Os 198 concellos deste grupo rexistran un ingreso por habitante que representa o 102,13% da media española, sendo os de mellor comportamento de Galicia. En materia de gastos, son tamén dos concellos de mellor comportamento a nivel nacional para este tramo de poboación, acadando o índice de gasto por habitante do 105,30%.

CONTA XERAL DO RESTO DE ENTIDADES

41. Este grupo está integrado por 35 Mancomunidades e 9 entidades locais menores (ETAIC). A súa importancia orzamentaria é escasa, pois representan o 0,88% do orzamento agregado de ingresos do sector local de Galicia e o 0,92% do orzamento agregado de gastos.

42. Corresponde ás Mancomunidades o 98,57% do total de dereitos liquidados e o 1,43% restante ás ETAIC. En relación coas obrigas recoñecidas, as Mancomunidades representan o 98,78% das mesmas e ás ETAIC o 1,22% restante. Finalmente, o resultado orzamentario agregado foi positivo, se ben 2 Mancomunidades e 1 ETAIC amosan un resultado negativo.

43. Un total de 5 entidades deste grupo presentan aforro bruto negativo (4 Mancomunidades e 1 ETAIC), sendo polo tanto incapaces de financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. Polo que respecta ao superávit ou déficit por operacións non financeiras, constátase que 5 entidades (4 Mancomunidades e 1 ETAIC) manteñen unha posición de saldo orzamentario non financeiro negativo, que lles obriga a financiar os seus gastos acudindo a novo endebedamento. Porén a situación a nivel agregado é de superávit non financeiro, o que se traduce na diminución do saldo vivo do endebedamento nun importe de millón de euros.



44. Dúas entidades (Mancomunidade Comarca de Ourense e Mancomunidade Concellos do Morrazo) presentan un remanente de tesourería negativo, o que indica a incapacidade destas entidades de fazer frente ás súas obrigas a curto prazo a fin de exercicio.

ENDEBEDAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS

45. O endebedamento vivo das entidades locais de Galicia, a 31 de decembro de 2016, ascende a 627,46 millóns de euros, endebedamento que experimenta unha progresiva diminución dende o exercicio 2013 (38,73% dende o exercicio 2012), que afecta con especial intensidade as 7 cidades galegas.

46. O maior volume de débeda viva concéntrase nos concellos (79,02% do total), apreciándose unha relación entre a débeda por habitante e o tamaño dos concellos, de xeito que a maior tamaño do concello, maior volume de débeda, oscilando dunha débeda de 164,21 euros por habitante nos concellos máis pequenos ata os 196,92 euros das sete cidades galegas. A débeda das Deputacións Provincias representa o 19,63% do total e o endebedamento dos resto de entidades do sector local é insignificante (1,35% do total).

47. O índice de carga financeira experimenta un progresivo aumento ata o exercicio 2014, que ten causa no maior volume de recursos que se dedica anualmente a amortización das débedas vivas, e en menor medida ao incremento do custo financeiro da débeda; a partires do exercicio 2015 prodúcese un notable descenso deste índice, coa volta paulatina a niveles incluso inferiores aos existentes no exercicio 2012.

48. O volume da débeda mantén unha senda decrecente no período de tempo considerado, pasando de representar do 41,49% (do exercicio 2013) ao 23,11% dos ingresos correntes do exercicio 2016. Así mesmo, o custo financeiro da débeda presenta tamén unha evolución positiva no período considerado, representando o 1,25% do aforro bruto, valor ao que cae dende o 5,00% do exercicio 2013, froito da combinación de incremento dos ingresos correntes e diminución do custo financeiro da débeda.

49. A comparación do stock de débeda pública co aforro bruto indica o número de anos teóricos necesarios para amortización total da débeda co aforro bruto xerado coa execución orzamentaria. Esta cifra descende dende unha duración teórica de 1,98 anos no exercicio 2013 ata a duración teórica de 1,03 anos do exercicio 2016, dato ilustrativo da positiva evolución da sustentabilidade da débeda.

VIABILIDADE FINANCEIRA

50. As seguintes entidades presentan aforro neto e remanentes de tesourería axustados positivos, polo que non presentan ningún problema financeiro. Están nesta situación:

- 4 Deputacións Provinciais (100%)
- 7 Concellos de máis de 50.000 habitantes (100%)
- 15 Concellos de entre 20.001 e 50.000 habitantes (100,00%)
- 29 Concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes (87,88%)
- 42 Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes (77,78%)
- 167 Concellos de menos de 5.000 habitantes (83,50%)
- 16 Mancomunidades e 4 ETAIC.

51. As seguintes entidades que presentan aforro neto positivo, pero remanente de tesourería axustado negativo. Estas entidades deben proceder con ese aforro ao pago das obrigas pendentes de pago, para non entrar en situación que comprometa a súa viabilidade. Están nesta situación:

- 4 Concellos de entre 10.001 e 20.000 habitantes (12,12%)
- 6 Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes (11,11%)
- 21 Concellos de menos de 5.000 habitantes (10,50%)
- 3 Mancomunidades (Comarca de Ourense, Concellos do Morrazo, Concellos Serra do Barbanza)

52. O número de entidades que presentan un aforro neto negativo aínda que remanentes de tesourería axustados positivos xerados en exercicios anteriores que lles permiten facer fronte ás súas obrigas é o seguinte:

- 3 concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes (Salvaterra de Miño, Ortigueira e Miño) (5,56%).
- 8 concellos de menos de 5.000 habitantes (Carnota, Nogueira de Ramuín, O Incio, Val do Dubra, Santiso, Vilarmaior, As Somozas e O Pino) (4,00%).
- 5 Mancomunidades e 1 ETAIC. (Mancomunidades Comarca do Carballiño, Concellos Comarca de Ferrol, Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda, Terras

de Pontevedra e ETAIC de Morgadáns).

De continuar nesta situación entrarán en situación de falla de viabilidade financeira.

53. As seguintes entidades que presentan tanto un aforro neto negativo como un remanente de tesourería axustado negativo. Estas entidades deben adoptar medidas para garantir a sustentabilidade dos seus gastos correntes sen necesidade de acudir a mecanismos excepcionais de financiamento. As entidades que están nesta grave situación son as seguintes:

- 3 Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes (Negreira, Padrón e Muros) (5,56%)
- 4 Concellos de menos de 5.000 habitantes (Cospeito, Castrelo de Miño, Catoira e A Mezquita) (2,00%).



I. INTRODUCIÓN

I.1 ANTECEDENTES

O Consello de Contas de Galicia, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, e no Plan Anual de traballo aprobado polo Pleno do Consello para o exercicio 2017, procedeu á formación e elaboración da Conta xeral das entidades locais de Galicia, a efectos do seu recoñecemento polo Parlamento de Galicia.

A Conta xeral refírese exclusivamente ás corporacións locais e entidades supramunicipais, incluíndo os seus organismos autónomos e consorcios adscritos áinda que non as sociedades públicas, e obtense pola agregación das contas xerais, non fiscalizadas, remitidas por 309 Concellos, 4 deputacións, 25 mancomunidades e 7 entidades locais menores (ETAIC) (ver anexos deste informe).

Ademais, a efectos de obter unha base de información o máis ampla posible, agréganse tamén as liquidacións de 7 concellos, 1 Deputación¹ e 1 mancomunidade pese a que a documentación recibida adoece de defectos de tal importancia que teñen a consideración de conta xeral non rendida (ver anexos deste informe).

As únicas contas xerais de concellos non disponíbles á data de elaboración deste informe (5 de marzo de 2018) son as dos concellos de Verín, Caldas de Reis, Coristanco, A Pobra de Trives e Antas de Ulla.

I.2 OBXECTIVOS

Como obxectivos da fiscalización estableceronse os seguintes:

1. Analizar o grao de cumprimento da obriga que teñen as entidades locais de Galicia de render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro do exercicio seguinte ao que se refiren as mesmas.
2. Analizar o censo do sector público local de Galicia, para dar información das entidades locais e entes dependentes que o forman.

¹ Trátase da deputación de Ourense, cuxa conta xeral recibe esa cualificación por non aportar a conta xeral da agrupación de consorcios Verín-A Limia, áinda non disolvido, pese a xa ter sido disolvidos os Consorcios contra incendios e salvamento da comarca de Verín e Consorcio contra incendios e salvamento da comarca de A Limia.

3. Examinar as contas xerais e realizar unha análise económico financeira da situación do sector público local de Galicia.

I.3 ALCANCE E PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN

I.3.1. FONTES DE INFORMACIÓN

A información utilizada para a elaboración deste informe é a consignada nas contas xerais remitidas polas entidades locais, información que subministran os sistemas internos de contabilidade das mesmas.

Esta información é distinta da información utilizada para a medición do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, medición que é realizada de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC).

A delimitación das distintas unidades institucionais públicas, a súa adscrición aos distintos sectores institucionais e a práctica dos axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de Contabilidade nacional, realizase de xeito consensuado polo Instituto nacional de estatística, Banco de España e Intervención xeral da administración do Estado, razón pola que neste informe non se efectúan tales axustes. Porén, a título indicativo, os mesmos serían axustes polas diferenzas na clasificación das operacións ou importes rexistrados, e axustes polas diverxencias temporais de contabilización.

I.3.2. ALCANCE

O alcance do informe esténdese ao exercicio 2016. Á data de peche aos efectos da análise do cumprimento da obriga de rendición e da confección dos estados agregados que figuran no presente informe foi o 5 de marzo de 2018. En consecuencia, só se agregou a información das entidades que presentaron as súas contas antes da devandita data.

Todos os datos do informe e dos anexos exprésanse en euros.

I.3.3. PROCEDEMENTOS DE FISCALIZACIÓN

Na realización do traballo seguíronse os seguintes procedementos:

1. Análise do grao de rendición das entidades locais de Galicia e clasificación das mesmas nas categorías de:

- a. Conta rendida en prazo, que inclúe aquelas contas recibidas con toda a documentación requerida antes do día 15 de outubro de 2017.
 - b. Conta rendida fóra de prazo, que inclúe aquelas contas recibidas con toda a documentación requerida con posterioridade ao día 14 de outubro de 2017.
 - c. Contas recibidas sen a acreditación da aprobación da mesma polo Pleno da entidade local, defecto que comporta a consideración de conta non rendida.
 - d. Contas recibidas con defectos na documentación requerida de tal natureza que comportan a consideración de contas non rendidas. Os defectos consisten basicamente na omisión da documentación complementaria da conta xeral esixida polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), é dicir, certificacións bancarias e actas de arqueo, así como as memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados.
2. Análise das contas xerais do exercicio 2016, recibidas no Consello de Contas ata o día 5 de marzo de 2018.
 3. Obtención dos indicadores de carácter económico financeiro.

I.4 NORMATIVA LEGAL

As disposicións reguladoras dos aspectos referentes á actividade económico-financeira, orzamentaria e contable das entidades locais durante o período examinado son as seguintes:

- Lei 7/1985 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), BOE número 80 do 3 de abril de 1985. Rect. BOE número 139 do 11 de xuño de 1985.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o TRLRFL, BOE número 96 do 24 de abril de 1986.
- Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das facendas locais, actualmente RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo; (TRLRFL), BOE número 57 do 9 de marzo de 2004.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, BOE número 101 do 27 de abril de 1990.

- Orde do Ministerio de Economía e Facenda do 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais. BOE número 252 do 20 de outubro de 1989.
- Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro. Instrucción modo normal de contabilidade local, BOE número 237, do 9 de outubro.
- Orde HAP/1782/2013, do 20 de setembro. Instrucción modo simplificado de contabilidade local, BOE número 237, do 9 de outubro.
- Orde EHA/4040/2004, do 23 de novembro. Instrucción modo básico de contabilidade local modificado, BOE número 296, do 9 de decembro e BOE número 237, do 9 de outubro.
- Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración local de Galicia, DOG. número 149 do 5 de agosto de 1997.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia. DOG número 130 do 9 de xullo de 1985.
- Resolución do 27 de febreiro de 2017, pola que se dispón a publicación do Regulamento de Régime Interior do Consello de Contas de Galicia. DOG. número 46 do 7 de marzo de 2017.
- Resolución do 1 de xuño de 2016 pola que se fai público o acordo do pleno na súa sesión do 31 de maio de 2016 polo que se aproba a Instrucción que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición. DOG. número 112 do 14 de xuño de 2016.

I.5 LIMITACIÓNOS AO ALCANCE

Na realización da fiscalización padecéreronse as seguintes limitacións ao alcance:

1. Non se puido dispor da conta dun total de 17 entidades locais que non procederon á rendición da mesma na data de peche para a elaboración deste informe. Desas 17 entidades, 5 son concellos, 10 son mancomunidades e as outras 2 son entidades locais menores.
2. Non se dispuxo de información contable consolidada das entidades locais coas súas entidades dependentes. Porén, efectuouse a labor de agregación das contas dos organismos autónomos e consorcios das entidades locais, sen axustes de consolidación, o que implica que os datos correspondentes ao financiamento dos mesmos por parte das entidades locais (capítulos 4 e 7 de transferencias correntes e de capital) están duplicados, por figurar tanto nas transferencias



concedidas polas entidades locais principais como nas transferencias recibidas polas entidades dependentes.

3. Certos estados financeiros, de determinadas entidades locais, presentan datos non consistentes que se reflicten no Informe xeral das entidades locais do exercicio 2016 e que se resumen no parágrafo I.1 deste informe.

4. A análise comparativa dos datos do exercicio 2016 cos datos de exercicios anteriores adoece de certa homoxeneidade, pois o conxunto de entidades locais que se agregan en cada exercicio é diferente, en función do cumprimento da súa obriga de rendición.

I.6 RESPONSABILIDADES

I.6.1 RESPONSABILIDADE DO ENTE FISCALIZADO

Os diferentes órganos municipais deben garantir que as actividades, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resultan conformes coas normas aplicables. Así mesmo son responsables do sistema de control interno que consideren necesario para garantir que a actividade revisada estea libre de incumplimentos legais e de incorreccións materiais debidas a fraude ou erro.

I.6.2 RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

A responsabilidade do Consello de Contas de Galicia é expresar unha conclusión en relación co cumprimento, por parte das entidades locais de Galicia, da obriga de render as súas contas, así como realizar una análise dos principais estados e magnitudes orzamentarias, e económico financeiras agregadas a partir das devanditas contas rendidas.

Para alcanzar os obxectivos establecidos para este informe realizouse unha análise da documentación remitida pola entidade fiscalizada a través da plataforma de rendición, de conformidade cos Príncipios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe o cumprimento dos requirimentos de ética, así como a planificación e execución da auditoría co fin de obter unha seguridade razonable de que as actividades revisadas, operacións orzamentarias e financeiras e a información reflectidas nos seus estados financeiros resulten, en todos os aspectos significativos, conformes coa normativa aplicable.

A análise remata coa comunicación individualizada para cada entidade do estado de rendición da súa Conta Xeral nos termos que se expoñen no epígrafe III deste informe, con concesión de prazo para emendar os posibles defectos, nos casos en que resulte necesario.

II. SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA

O sector público local de Galicia organízase conforme ao establecido na Lei 7/1985 de abril, reguladora das Bases do réxime local (LRBRL), do 3 de abril de 1985 e Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia, e está integrada polos seguintes entes:

- Concellos e provincias, que ostentan a condición de entidades locais territoriais.
- Áreas metropolitanas, mancomunidades de concellos, consorcios locais e entidades locais menores, que ostentan a condición de entidades locais non territoriais.

As entidades locais existentes a 31 de decembro de 2016 e os organismos creados polas mesmas para a prestación dos seus servizos eran as seguintes:

Cadro 1 Entidades locais de Galicia

TIPO ENTIDADE LOCAL PRINCIPAL		Nº	TIPO ENTIDADE LOCAL DEPENDENTE				TOTAL	EXERCICIO ANTERIOR
			OOAA	Consorcios	Sociedades mercantís	Fundacións		
Total Concellos		314	18	9	22	2	366	366
Concello	1-Máis de 50.000 habitantes	7	6	2	9	2	26	27
Concello	2-De 20.001 a 50.000 habitante	15	4	1	2		22	22
Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitante	34	8	1	6		49	49
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	56			3		59	61
Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	202		5	2	1	210	207
Deputacións		4	2	6	1		13	16
Resto Entidades		44	0	0	0	0	44	44
Entidade Local Menor		9					9	9
Mancomunidades		35					35	35
TOTAL		362	20	15	23	3	423	426

Comparando os datos cos do exercicio 2015, obsérvase que as variacións que se producen son as seguintes:

Entidades Principais

Os cambios más significativos son:

- Os concellos de Muxía e Meis cambian de tramo de poboación por perda da mesma, pasando do tramo de poboación 4 ao tramo 5.
- Indican non ter actividade un total 3 mancomunidades (Mancomunidad Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia, Mancomunidade Ribeira Sacra e Mancomunidade de Xallas-Tines-



Tambre), situación que se repite dende o exercicio 2005. Por outra parte, a mancomunidade Río Ouro afirma estar en proceso de disolución.

En relación a este feito, cómpre indicar que os artigos 209 e 212 do TRLRFL impoñen de modo incondicional a todas as entidades locais a obriga de formar e render a súa conta xeral. Polo tanto, dende o momento da súa constitución e ata a disolución definitiva, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obriga de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

Entidades dependentes

En relación ás entidades dependentes, prodúcese unha variación neta negativa de 3 entidades, resultado dos seguintes movementos:

- Danse de alta tres fundacións dependentes de entidades locais: Asociación para a promoción territorial da montaña do Courel (dependente do concello de Bóveda), e Fundación Luís Seoane e Fundación EMALCSA, dependentes do concello de A Coruña.
- Disolución de tres organismos autónomos: Escola Municipal de Artes e Oficios, Instituto Municipal de Deportes e Parque de Ciencias Vigo Zoo, dependentes do concello de Vigo.
- Disolución de tres consorcios: Contra incendios e salvamento comarca de Valdeorras, Contra incendios e salvamento comarca da Limia e Contra incendios e salvamento comarcas de Carballiño e Ribeiro, dependentes da Deputación de Ourense.

Obsérvase como no exercicio 2016 basicamente se mantén o número total de entidades dependentes das entidades locais de Galicia, aínda que o 22 de marzo de 2010 o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas aprobou o Acordo marco para a sustentabilidade das finanzas públicas autonómicas e locais, no que se plasman unha serie de compromisos orzamentarios co obxectivo de avanzar no plan de axuste estrutural do conxunto das Administracións Públicas, que inclúe como compromiso a adopción de medidas de supresión ou transformación de entes dependentes.

A poboación a 1 de xaneiro de 2016 dos 314 concellos de Galicia, segundo datos do censo oficial, ascendía a 2.718.525 habitantes. No seguinte cadro amósase o número de concellos polos tramos de poboación establecidos para obter as conclusóns deste informe:

Cadro 2 Distribución da poboación de Galicia


ESTRATO POBOACIONAL	Nº	DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL				POBOACIÓN	%	VARIAC. 2005/2016
		A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA			
1-Máis de 50.000 habitantes	7	3	1	1	2	987.779	36,34%	-0,22%
2-De 20.001 a 50.000 habitante	15	8	0	0	7	430.712	15,84%	0,03%
3-De 10.001 a 20.000 habitante	35	10	4	5	15	483.811	17,89%	-0,20%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	57	31	7	5	13	380.520	14,00%	--3,17%
5-Menos de 5.000 habitantes	200	41	55	81	25	435.703	16,03%	0,39%
TOTAL	314	93	67	92	62	2.718.525	100,00%	-3,16%

O 92,99% dos concellos de Galicia, 292 concellos, teñen unha poboación inferior a 20.000 habitantes, e en termos relativos, tomando como base a poboación do exercicio 2010 eses concellos perden poboación en beneficio dos concellos máis grandes de Galicia.

Cadro 3 Evolución relativa da poboación no concellos de Galicia (Exercicio 2006 base 100)

Tramo Poboación	Nº	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	Variación
1-Máis de 50.000 habitantes	7	999.922	999.848	999.907	998.912	994.407	989.936	987.779	-0,22%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	427.264	430.576	430.871	431.358	431.272	430.602	430.712	0,03%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	34	499.370	509.859	520.369	498.202	496.470	484.804	483.811	-0,20%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	56	400.961	395.382	366.623	383.346	385.931	392.979	380.520	-3,17%
5-Menos de 5.000 habitantes	202	470.136	459.757	463.728	454.122	440.615	434.026	435.703	0,39%

Gráfico 1 Poboación nos concellos galegos. Evolución relativa



Polo tanto, o mapa municipal galego presenta unha elevada atomización que pode incidir de xeito directo e negativo na prestación de servizos municipais, e este problema agrívase pola reducida poboación da maior parte dos concellos e pola progresiva perda de poboación dos mesmos en beneficio dos concellos máis grandes.



III. RENDICIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2016

III.1. ANÁLISE DA OBRIGA DE RENDICIÓN

O artigo 223 do TRLRFL impón ás entidades locais a obriga de render as súas contas antes do 15 de outubro de cada ano seguinte ao exercicio a que aquelas se refiren, establecendo o devandito TRLRFL e as diversas instrucións de contabilidade que determinan o seu contido, estrutura e normas de elaboración, que a Conta xeral da entidade local estará formada pola conta da propia entidade así como pola conta de todos os organismos e sociedades delas dependentes, ao que se engadirá como documentación complementaria:

- As actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio e, en caso de discrepancia, o oportuno estado conciliatorio.
- As memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos, e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados, ás que se refire o artigo 211 do TRLRFL.

O artigo 209.4 do TRLRFL e regras 48.2, 89.2 e 31.6 da Instruccións dos modos normal, simplificado e básico respectivamente, indican que corresponde ao pleno da Corporación Local determinar se se unen á conta xeral os estados integrados e consolidados das distintas contas, resultando que a devandita consolidación non ten lugar, o que introduce incerteza na análise da información contable subministrada.

Finalizado sobradamente o prazo de cumprimento desa obriga, e co obxectivo de incrementar as porcentaxes de cumprimento, o Consello de Contas de Galicia procedeu a requirir ás 75 entidades que tiñan a conta sen render a 28 de novembro de 2017.

Como resultado final, o cumprimento da obriga de rendición de contas, á data 24 de febreiro de 2018 resúmese como segue:

Cadro 4 Detalle da rendición de contas

ENTIDADES	Censo	En prazo	% Prazo	Fóra prazo	% Fóra prazo	Defectos en prazo	% Defectos prazo	Defectos fóra prazo	% Defectos fóra prazo	Total Remitidas	% Remitidas	Non remitidas	% Non remitidas
Total Concellos	314	239	76,11%	63	20,06%	4	1,27%	3	0,96%	309	98,41%	5	1,59%
1-Máis de 50.000 habitantes	7	4	57,14%	3	42,86%	0	0,00%	0	0,00%	7	100,00%	0	0,00%
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	15	10	66,67%	5	33,33%	0	0,00%	0	0,00%	15	100,00%	0	0,00%
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	34	23	67,65%	9	26,47%	0	0,00%	1	2,94%	33	97,06%	1	2,94%
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	56	35	62,50%	19	33,93%	0	0,00%	0	0,00%	54	96,43%	2	3,57%

ENTIDADES	Censo	En prazo	% Prazo	Fóra prazo	% Fóra prazo	Defectos en prazo	% Defectos prazo	Defectos fóra prazo	% Defectos fóra prazo	Total Remitidas	% Remitidas	Non remitidas	% Non remitidas
5-Menos de 5.000 habitantes	202	167	82,67%	27	13,37%	4	1,98%	2	0,99%	200	99,01%	2	0,99%
Deputación	4	3	75,00%	0	0,00%	1	25,00%	0	0,00%	4	100,00%	0	0,00%
Entidade Local Menor	9	4	44,44%	3	33,33%	0	0,00%	0	0,00%	7	77,78%	2	22,22%
Mancomunidade	35	14	40,00%	9	25,71%	1	2,86%	0	0,00%	24	68,57%	11	31,43%
TOTAL	362	260	81,82%	75	20,72%	6	1,66%	3	0,83%	344	95,03%	18	4,97%

III.1.1 ENTIDADES QUE NON RENDEN A CONTA XERAL

Un total de 18 entidades (4,97% do total) non remitiron a conta xeral. O detalle das mesmas figura nos anexos deste informe, e tamén se recolle nas páxinas que seguen ao analizar a rendición por tipos de entes.

Comparando os datos de non rendición de 2016 cos de exercicios anteriores², resulta o resumo que segue agrupado por tipos de entidades:

Cadro 5 Entidades que non remiten a conta xeral.

ENTIDADES	2013	2014	2015	2016
Concellos	0	0	0	5
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	0	0	0	1
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	0	0	0	2
5-Menos de 5.000 habitantes	0	0	0	2
Entidade Local Menor	0	0	0	2
Mancomunidade	10	8	11	11
TOTAL	10	8	11	18

Concellos

No exercicio 2016 os concellos que non rende a súa conta xeral son o de Verín, Caldas de Reis, Coristanco, A Pobra de Trives e Antas de Ulla.

Como factores que teñen incidido de xeito positivo neste resultado destaca tanto o establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que establece que será requisito para a concesión de subvencións que as entidades locais cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas da conta xeral de cada exercicio, ademais da regulación do envío das contas ao Consello de Contas por medio de

2 Nos cadros de análise da rendición, elimínanse das comparacións aos consorcios, por estar dende o exercicio 2015 a súa conta xeral integrada na da entidade á que resultaron adscritos.



procedementos electrónicos³, así como da eliminación da dobre rendición da conta xeral das entidades locais que se produce polo convenio de colaboración entre o Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas de Galicia⁴.

Resto de entidades

O incumprimento da obriga de rendición, para o resto de entidades, presenta un aumento das ETAIC que non rendern a súas contas xerais e a diminución das mancomunidades.

Agora ben, das 11 mancomunidades que non rendern, 3 carecen de actividade e outra está en proceso de disolución, o que sitúa o nivel de incumprimento para as mancomunidades operativas en 7.

Destaca así mesmo o nivel de reincidencia no incumprimento da obriga de render a conta que se produce nestes casos. As entidades que non rendern a conta xeral incumpren de xeito reiterado con esta obriga.

Cadro 6 Detalle do resto de entidades que non rendern a conta xeral en 2016 e anteriores

TIPO ENTIDADE	TRAMO	ENTIDADE	EXERCICIO NON RENDIDO			
			2016	2015	2014	2013
Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitantes	Verín	2016	-	-	-
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	Caldas de Reis	2016	-	-	-
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	Coristanco	2016	-	-	-
Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	A Pobra de Trives	2016	-	-	-
Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	Antas de Ulla	2016	-	-	-
Entidade Local Menor		Arcos da Condesa	2016	-	-	-
Entidade Local Menor		Bembrive	2016	-	-	-
Mancomunidad		Augas de Rua-Petín	2016	2015	2014	2013
Mancomunidad		Augas dos Concellos de Carnota e Muros	2016	2015	2014	2013
Mancomunidad		Comarca Compostela	2016	2015	2014	2013
Mancomunidad		Comarca Fisterra	2016	-	-	2013
Mancomunidad		Concellos do Tambre	2016	2015	-	-
Mancomunidad		Intermunicipal Voluntaria da Baixa Limia	2016	2015	2014	2013
Mancomunidad		Ribeira Sacra	2016	2015	2014	2013

³ Dita posibilidade materializouse por Resolución do 1 de xuño de 2016 pola que se fai público o acordo do pleno na súa sesión do 31 de maio de 2016 polo que se aproba a Instrucción que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición. DOG. número 112 do 14 de xuño de 2016.

⁴ Convenio do 27 de xuño de 2011, convenio que elimina esa dobre rendición ao recoñecer efectos para as dúas institucións da rendición de Contas que se leve a cabo a través da Plataforma Conxunta desenvolvida polo Tribunal de Cuentas e os OCEX.

TIPO ENTIDADE	TRAMO	ENTIDADE	EXERCICIO NON RENDIDO			
			2016	2015	2014	2013
Mancomunidade		Río Ouro	2016	2015	2014	2013
Mancomunidade		Servicios Vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos de Pontevedra e Sanxenxo	2016	2015	2014	2013
Mancomunidade		Terras do Navea-Bibeij	2016	2015	-	2013
Mancomunidade		Xallas-Tines-Tambre	2016	2015	2014	2013

En relación coas entidades carentes de actividade, cabe destacar que os artigos 208 e 212 do TRLRFL impoñen de modo incondicional a todas as Entidades locais a obriga de render contas. Polo tanto, dende o momento da súa constitución e ata a disolución definitiva e cancelación da súa inscrición no rexistro de Entidades Locais, con perda da súa personalidade xurídica, persiste a obriga de formar, aprobar e render anualmente as contas destas entidades.

III.1.2 ENTIDADES QUE REMITIRON CONTAS

Dentro deste epígrafe inclúense 344 entidades (95,03% do total) que teñen presentado a conta anual correspondente ao exercicio 2016 ante o Consello de Contas. A análise desta documentación determina a súa clasificación nalgunha das seguintes categorías:

- Conta rendida en prazo (por cumplir a obriga de rendición en prazo -antes do 15 de outubro do ano seguinte- e forma debida).
- Conta rendida fóra de prazo (por cumplir en forma debida pero fóra de prazo).
- Conta recibida con defectos que comportan a consideración de conta non rendida, segundo se indica no epígrafe I.3.1 c) e d) deste informe.

A adecuada comparación deste número total de entidades que presentan a conta anual do exercicio 2016 con anos anteriores esixe ser realizada considerando datas clave, por ser a rendición un proceso aberto no tempo, no que non existe un límite temporal que peche o proceso de rendición. Consideráronse como datas clave para analizar a evolución da presentación da conta anual as datas do 14 de outubro do ano seguinte ao que se refire a conta (por ser a fronteira entre presentación en prazo ou fóra de prazo), e o 31 de decembro do ano seguinte e posteriores ao que se refiren as contas, por ser fin de exercicio natural.

O resultado de clasificar o proceso de rendición de acordo con esas datas amósase no cadro seguinte:



Cadro 7 Detalle da remisión por datas clave

EXERCICIO (N)	CONTAS REMITIDAS (Por datas clave)				
	ATA 15/12/N+1	ATA 31/12/N+1	ATA 31/12/N+2	ATA 31/12/N+3	ATA 31/12/N+4
2006	89	214	340	351	364
2007	151	251	334	357	361
2008	122	228	349	361	361
2009	133	264	363	368	368
2010	214	298	372	372	373
2011	272	336	369	373	374
2012	298	346	372	373	373
2013	285	363	372	373	373
2014	274	355	371	372	
2015	239	312	351		
2016	266	316			

Este cadro amosa un mellor comportamento do cumprimento do deber de rendición da conta xeral, sendo maior o número de entidades que o cumplen en prazo, apreciándose tamén unha lixeira redución do desfase temporal para aquelas entidades que render fóra de prazo. Porén, esta lixeira melloría sitúa a rendición aínda lonxe dos melhores datos da serie histórica, que se producen no exercicio 2012, coincidindo coa entrada en vigor do decreto 193/2011, que condiciona a concesión de subvencións financiadas integralmente con fondos propios da comunidade autónoma as entidades locais de Galicia a que estas cumprisen o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Entidades que remiten documentación con defectos que implican a consideración de non rendición

Un total de 9 entidades locais (2,48% do total de entidades) presentan documentación que amosa defectos que comportan a consideración de conta non rendida. Esta cifra supón un lixeiro aumento do nivel de defectos que presentan as contas e que afecta á aprobación da conta xeral, que aumenta a 1 conta, a outros tipos de defectos graves aumentan de 7 a 9, tal como se sinala na táboa seguinte:

Cadro 8 Entidades que remiten documentación con defectos que implican a non rendición

ENTIDADES	2013		2014		2015		2016	
	Non aprobación 2013	Total 2013	Non aprobación 2014	Total defectos 2014	Non aprobación 2015	Total defectos 2015	Non aprobación 2016	Total defecto s 2016
Concellos	2	6	5	7	0	7	1	7
3-De 10.001 a 20.000 Hab.	1	2	0	0	0	1	0	1
4-De 5.001 a 10.000 Hab.	0	0	0	1	0	0	0	0
5-Menos de 5.000 Hab.	1	4	5	6	0	6	1	6
Deputación	0	0	0	0	0	0	0	1
Entidade Local Menor	1	1	0	0	0	0	0	0
Mancomunidade	3	4	3	4	0	0	0	1
Totaís	6	11	8	11	0	7	1	9

Os defectos de especial gravidade que determinan que a conta non poida considerarse como rendida son os seguintes:

- a) Non consta a aprobación da Conta Xeral polo Pleno correspondente, nun total de 1 entidade local (concello de Quiroga).

Neste senso o artigo 212.5 do TRLRFL tras determinar a competencia, procedemento e prazos, establece que *"as entidades locais renderán ao Tribunal de Cuentas a conta xeral debidamente aprobada"*, referencia que se entende feita ao Consello de Contas por aplicación do artigo 223.4 do mesmo texto legal. No mesmo sentido, as regras 51.2 da Instrucción do modo normal de contabilidade local, e regra 52.2 da Instrucción do modo simplificado de contabilidade local, establecen que *"unha vez aprobada a conta xeral polo Pleno da Corporación, se renderá polo Presidente da entidade local ao órgano de control externo competente nos prazos previstos na normativa vixente"* precisándose ademais tanto na regra 49.4 e 50.4 respectivamente que *"a aprobación da Conta xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectidas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas"*.

Polo tanto, a non aprobación da conta xeral é unha decisión política, e como tal será o Pleno da Corporación o responsable das posibles consecuencias que poida ter para o concello, xa que por estar cualificada a aprobación da conta xeral como acto esencial, a omisión deste trámite implica a consideración de conta non rendida.

- b) Omisión doutra documentación esencial que implica a consideración de conta non rendida. A Conta xeral da entidade local estará formada pola conta da propia entidade así como pola

conta de todos os organismos e sociedades delas dependentes, sinalando o artigo 223 do TRLRFL que á mesma se engadirá como documentación complementaria:

- As actas de arqueo das existencias en caixa e as certificacións bancarias dos saldos existentes a fin de exercicio e, no caso de discrepancia, o oportuno estado conciliatorio.
- As memorias xustificativas do custo e rendemento dos servizos públicos, e demostrativas do grao de cumprimento dos obxectivos programados, ás que se refire o artigo 211 do TRLRFL.

A ausencia desta documentación complementaria esencial determina tamén a cualificación de conta non rendida, situación que se aprecia nas 9 entidades locais seguintes:

Cadro 9 Relación de entidades que omiten outra documentación esencial

Provincia	Tipo entidade	Tramo	CIF	Nome	Defecto
A Coruña	Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	P1503200F	Curtis	Estados contables importe 0
A Coruña	Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitantes	P1507600C	Sada	Faltan certificacións bancarias
Lugo	Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	P2703200B	Monterroso	Faltan estados contables entidade dependente
Lugo	Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	P2705000D	Quiroga	Faltan estados contables entidade dependente
Lugo	Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	P2706200I	Triacastela	Faltan certificacións bancarias. Estados contables importe 0
Ourense	Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	P3204900I	A Mezquita	Faltan estados contables entidade dependente
Ourense	Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	P3201900B	Carballeda de Avia	Faltan estados contables entidade dependente
Ourense	Deputación		P3200000B	Ourense	Faltan estados contables entidade dependente
Ourense	Mancomunidade		P8202502D	Terras de Celanova	Estados contables incoherentes

A non subsanación destes defectos, pese á petición neste sentido feita polo Consello de Contas aos respectivos contadantes, determina que os mesmos sexan os responsables das posibles consecuencias que poidan producirse para o concello, xa que a omisión deste trámite implica a consideración de conta non rendida.

Entidades que renden a conta xeral

Un total de 335 entidades locais renden a conta xeral, das que 260 o fan dentro do prazo marcado polo TRLRFL e 75 unha vez transcorrido o mesmo.

Entidades que renden en prazo

O resumo das entidades que renden en prazo, e a súa evolución temporal, amósase no cadro seguinte (detalle completo nos anexos deste informe).

Cadro 10 Entidades que renden en prazo

ENTIDADE	2013	2014	2015	2016
Concello	249	239	216	239
1-Máis de 50.000 habitantes	5	4	3	4
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	11	12	10	10
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	21	23	18	23
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	39	36	35	35
5-Menos de 5.000 habitantes	173	164	150	167
Deputación	2	4	3	3
Entidade Local Menor	4	3	2	4
Mancomunidade	17	16	13	14
TOTAL	272	262	234	260

A rendición en prazo ascende no exercicio 2016 ao 71,82% das entidades locais de Galicia, porcentaxe superior en 7,18 puntos ao acadado no exercicio anterior.

Entidades que renden fóra de prazo

O resumo das entidades que renden fóra de prazo, e a súa evolución temporal, amósase no cadro seguinte (detalle completo nos anexos deste informe):

Cadro 11 Entidades que renden fóra de prazo

ENTIDADE	2013	2014	2015	2016
Concello	60	68	91	63
1-Máis de 50.000 habitantes	2	3	4	3
2-De 20.001 a 50.000 habitantes	4	3	5	5
3-De 10.001 a 20.000 habitantes	12	12	15	9
4-De 5.001 a 10.000 habitantes	17	20	23	19
5-Menos de 5.000 habitantes	25	30	44	27
Deputación	2	0	1	0
Entidade Local Menor	4	6	7	3
Mancomunidade	4	7	11	9
TOTAL	70	81	110	75


Resumo final

Como resumo final desta análise da rendición da conta xeral, cabe indicar que neste exercicio diminúe o numero total de contas remitidas ao Consello de Contas (de 351 contas remitidas do exercicio 2015 ata as 344 remitidas do exercicio 2016), se ben diminúe o prazo empregado polas entidades para cumplir coa súa obriga de render contas, aumentando o número de entidades que renden en prazo (pasando das 234 entidades do exercicio 2015 ás 260 do exercicio 2016).



Ademais, tamén diminúe o número de entidades locais que remiten a conta xeral sen que conste a aprobación da mesma polo pleno da entidade local (pasando de 2 entidades no exercicio 2015 a 1 do exercicio 2016), omisión que leva a cualificar a rendición da conta como documentación recibida con defectos de tal natureza que impiden a súa consideración como conta rendida. E igualmente, de xeito negativo destacar que noutras 8 ocasións a conta xeral é remitida con omisión doutra documentación esencial, o que ten o mesmo efecto de consideración de conta xeral non rendida.

Gráfico 2 Resumo das contas remitidas por exercicio



III.2 ANÁLISE DAS DEFICIENCIAS QUE PRESENTAN AS CONTAS

III.2.1 DEFICIENCIAS NOS PRAZOS DE TRAMITACIÓN

Deficiencias na aprobación dos orzamentos

De conformidade coa información disponible, obsérvanse porcentaxes de cumprimento dos prazos moi baixos, en especial no prazo relativo á aprobación definitiva do orzamento. Descontando as entidades que prorrogan o orzamento de exercicios anteriores, tan só 142 entidades (41,76% das entidades que remitiron a conta xeral) aproban o seu orzamento en prazo. Dado que o orzamento é tanto un instrumento de xestión para o goberno como un instrumento de control para o pleno que autoriza ao goberno canto e no que gastar, o incumprimento do prazo de aprobación do orzamento priva ao pleno do debate do deseño, seguimento e avaliación das políticas públicas.

Deficiencias na tramitación da Conta Xeral

Só un 61,16% das entidades locais forman a Conta Xeral no prazo legal e só o 72,46% das Contas Xerais son aprobadas antes do 1 de outubro do exercicio seguinte ao que se refiren as mesmas, tal como esixe o TRLRFL.

O detalle de incumplimentos na aprobación dos orzamentos e na tramitación das Contas Xerais resúmese a continuación:

Cadro 12 Incumplimento dos prazos de tramitación da Conta xeral

TRAMITES	REGULACIÓN	DATA LIMITE	CUMPRIMENTO EN PRAZO		CUMPRIMENTO FÓRA PRAZO	
			Nº	%	Nº	%
Aprobación definitiva orzamento	Art. 169.2 TRLRFL	31/12/2015	107	31,01%	238	68,99%
Aprobación liquidación	Art. 191 e 193.5 TRLRFL	31/03/2016	255	73,91%	90	26,09%
Formación da Conta Xeral	Art. 212.1 TRLRFL	01/06/2016	211	61,16%	134	38,84%
Informe da Comisión Especial de Contas	Art. 212.1 TRLRFL	Non consta	311	90,14%	34	9,86%
Inicio Exposición pública	Art. 212.4 TRLRFL	Non consta	306	88,70%	39	11,30%
Presentación Conta Xeral ao Pleno	Art. 212.4 TRLRFL	01/10/2017	253	73,33%	92	26,67%
Aprobación Conta Xeral polo Pleno	Art. 212.4 TRLRFL	01/10/2017	250	72,46%	95	27,54%

IV. SITUACIÓN FINANCEIRA DO SECTOR PÚBLICO LOCAL DE GALICIA

Logo da presentación do sector público local de Galicia e dos datos de rendición das súas contas, neste epígrafe procedese á análise da información disponible de todo o sector público local de Galicia, o que inclúe concellos, deputacións, mancomunidades e entidades locais menores.

Os datos tomados en consideración son os que se derivan das contas rendidas polas mencionadas entidades locais, coas limitacións que xa foron expostas no apartado I.5 deste informe.

A efectos sistemáticos neste bloque IV analizaranse os ingresos, os gastos, resultado orzamentario, remanente de tesourería, endebedamento e as magnitudes orzamentarias aforro bruto e endebedamento, definidas como segue:

- Aforro Bruto: diferenza entre os ingresos correntes (capítulos I ao V) e os gastos correntes (capítulos I ao V). Indica a parte dos ingresos correntes que queda dispoñible una vez atendidos os gastos correntes non financeiros, reflectindo polo tanto a capacidade da entidade para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda.
- Superávit ou déficit non financeiro, que se calcula por diferenza entre os dereitos e obrigas de



carácter non financeiro (capítulos do I ao VII). Este saldo orzamentario non financeiro é o cálculo do que se parte para comprobar si unha entidade local cumpre ou non a regra de equilibrio orzamentario que establece a Lei orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, saldo ao que se lle aplican os oportunos axustes de contabilidade nacional, para obter a capacidade o necesidade de financiamento do perímetro de consolidación da entidade local. Dado que a práctica deses axustes se realiza de xeito consensuado polo Instituto Nacional de Estatística, Banco de España e Intervención Xeral da Administración do Estado, neste informe non se efectúan tales axustes. Porén, a título indicativo os mesmos serían axustes polas diferenzas na clasificación das operacións ou importes rexistrados e axustes polas diverxencias temporais de contabilización.

Esta análise farase, por unha banda, tomando en consideración os datos agregados totais. Pero, ao mesmo tempo, analizarase tamén separadamente a situación dos concellos, deputacións e un terceiro bloque que englobe o resto de entidades locais.

Finalmente, sinalar que as cifras que figuran neste informe e referidas ao exercicio 2015 difiren das publicadas no anterior informe do Consello de Contas, tanto nas relativas a entidades de Galicia como do resto do Estado, debido á rendición adicional de contas xerais de entidades dende a data de peche dos traballos do informe anterior, tanto de entidades do resto do Estado como de entidades locais de Galicia. Trátase neste último caso dos concellos de A Pobra de Trives, Castro Caldelas, Celanova, Coristanco, Sada, Verín, Viana do Bolo, das entidades locais menores de Bembibre e Vilasobroso, e das mancomunidades Área Intermunicipal de Vigo, Terras de Deza, Voluntaria de Municipios da Comarca de Arousa. Igualmente, elimínanse as contas do Consorcio contra Incendios e salvamento das comarcas de Deza, Tabeirós e Terra de Montes por consideralo a Intervención Xeral da Administración do Estado como pertencente ao inventario de entidades da comunidade autónoma para os efectos da estabilidade orzamentaria.

IV.1 CONTA XERAL AGREGADA


IV.1.1. LIQUIDACIÓN AGREGADA DO ORZAMENTO DE INGRESOS

A liquidación do orzamento de ingresos do sector público local da comunidade autónoma de Galicia contén dereitos recoñecidos netos por un importe global de 2.879.177,62 miles de euros, correspondendo o 80,88% dos mesmos a dereitos recoñecidos polos concellos, o 18,24% dos mesmos a dereitos recoñecidos polas Deputacións Provinciais e o 0,88% restante ao resto de entidades integrantes do sector público local (mancomunidades e ETAIC).

Cadro 13 Liquidación agregada orzamento de ingresos

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE INGRESOS. EXERCICIO 2016						
CAPÍTULO	PREVISIÓN DEF	% EXEC	DEREITOS RN	PESO	RECADADO	% COBRO
1 Impostos directos.	827.704.857,25	104,73%	866.888.039,37	30,11%	787.577.618,75	90,85%
2 Impostos indirectos.	81.183.883,04	98,12%	79.659.403,09	2,77%	74.206.142,28	93,15%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	484.872.695,89	96,96%	470.134.584,29	16,33%	409.268.730,20	87,05%
4 Transferencia correntes.	1.289.359.693,83	98,99%	1.276.354.726,80	44,33%	1.186.254.433,45	92,94%
5 Ingresos patrimoniais.	28.502.107,81	79,18%	22.569.390,98	0,78%	16.953.605,37	75,12%
<i>Ingresos Correntes</i>	<i>2.711.623.237,82</i>	<i>100,15%</i>	<i>2.715.606.144,53</i>	<i>94,32%</i>	<i>2.474.260.530,05</i>	<i>91,11%</i>
6 Alleamento de investimentos	6.598.496,02	25,66%	1.693.437,49	0,06%	1.655.843,66	97,78%
7 Transferencias de capital.	242.018.276,26	49,27%	119.242.521,93	4,14%	86.569.581,29	72,60%
<i>Ingresos de Capital</i>	<i>248.616.772,28</i>	<i>48,64%</i>	<i>120.935.959,42</i>	<i>4,20%</i>	<i>88.225.424,95</i>	<i>72,95%</i>
8 Activos financeiros.	580.112.687,46	0,83%	4.814.649,25	0,17%	3.742.639,11	77,73%
9 Pasivos financeiros.	78.656.278,94	48,08%	37.820.864,41	1,31%	36.409.379,18	96,27%
<i>Ingresos Financeiros</i>	<i>658.768.966,40</i>	<i>6,47%</i>	<i>42.635.513,66</i>	<i>1,48%</i>	<i>40.152.018,29</i>	<i>94,18%</i>
TOTAL	3.619.008.976,50	79,56%	2.879.177.617,61	100,00%	2.602.637.973,2	90,40%
Concello	2.713.986.124,94	84,07%	2.328.569.838,26	80,88%	2.098.005.552,27	89,55%
Deputación	874.303.370,91	60,73%	525.237.986,08	18,24%	485.075.996,74	92,33%
Entidade Local Menor	532.583,26	86,90%	363.090,27	0,01%	242.447,36	88,86%
Mancomunidad	30.186.897,39	82,84%	25.006.703,00	0,87%	19.313.976,92	77,24%

O volume de dereitos recoñecidos que proceden de operacións correntes ascende a 2.715.606,14 miles de euros, o que implica que o 94,32% do total dos recursos dispoñibles polas entidades do sector público local obtense das actividades ordinarias propias das mesmas, así como do resto de organismos públicos financiados total ou parcialmente por elas. O volume de ingresos por operacións de capital acada 120.935,96 miles de euros (o 4,20% do total dos recursos dispoñibles), mentres que os ingresos procedentes de operacións financeiras supoñen 42.635,51 miles de euros, o que representa o 1,48% do total de recursos.



Agrupando por provincias, son as de A Coruña e a de Pontevedra as que acumulan un maior volume de dereitos recoñecidos, supoñendo o 42,54% e 30,94% respectivamente do total de dereitos recoñecidos, motivado pola maior volume de poboación que se concentra nas mesmas (41,30% e 34,74% da poboación total de Galicia). Analizando estas cifras de dereitos per cápita, son as provincias interiores as que acadan un maior valor deste indicador.

Cadro 14 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Distribución provincial


PROVINCIA	HABITANTES	%	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	DRN/HAB	% DRN
A Coruña	1.122.799	41,30%	1.224.897.737,31	1.090,93	42,54%
Lugo	336.527	12,38%	387.134.189,43	1.150,38	13,45%
Ourense	314.853	11,58%	376.244.562,65	1.194,98	13,07%
Pontevedra	944.346	34,74%	890.901.128,22	943,41	30,94%
Totais	2.718.525	100,00%	2.879.177.617,61	1.059,10	100,00%

IV.1.2. LIQUIDACIÓN AGREGADA DO ORZAMENTO DE GASTOS

A liquidación do orzamento de gastos do sector público local da comunidade autónoma de Galicia contén obrigas recoñecidas netas por un importe global de 2.634.147,96 miles de euros, correspondendo o 80,98% das mesmas a obrigas recoñecidas polos concellos, o 17,10% a obrigas das Deputacións Provinciais e o 0,92% restante ao resto de entidades.

Cadro 15 Liquidación agregada orzamento de gastos.

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE GASTOS. EXERCICIO 2016						
CAPÍTULO	CRÉDITOS	%	ORN	PESO RELATIVO	PAGOS	%
1 Gastos de persoal.	904.888.563,90	92,22%	834.523.522,20	31,68%	825.772.003,03	98,95%
2 Gastos correntes en bens e servizos.	1.191.558.303,30	86,18%	1.026.860.175,74	38,98%	939.527.808,39	91,50%
3 Gastos financeiros.	13.226.074,45	57,58%	7.616.096,57	0,29%	7.001.226,83	91,93%
4 Transferencias correntes.	321.645.935,33	74,26%	238.856.439,55	9,07%	212.587.078,45	89,00%
5 Fondo Continxencia	6.697.990,42	0,00%	0,00	0,00%	0,00	-
Total Gastos Correntes	2.438.016.867,40	86,46%	2.107.856.234,06	80,02%	1.984.888.116,70	94,17%
6 Investimentos reais.	659.662.459,65	42,11%	277.786.604,32	10,55%	240.433.079,35	86,55%
7 Transferencias de capital.	297.903.313,37	29,57%	88.084.035,74	3,34%	77.142.080,69	87,58%
Total Gastos Capital	957.565.773,02	38,21%	365.870.640,06	13,89%	317.575.160,04	86,80%
8 Activos financeiros.	38.244.400,21	47,86%	18.303.756,48	0,69%	18.258.891,39	99,75%
9 Pasivos financeiros.	149.425.426,20	95,11%	142.117.328,93	5,40%	134.176.265,84	94,41%
Total Gastos Financeiros	187.669.826,41	85,48%	160.421.085,41	6,09%	152.435.157,23	95,02%
TOTAL	3.583.252.466,83	73,51%	2.634.147.959,53	100,00%	2.454.898.433,97	93,20%
Concello	2.678.314.309,17	80,63%	2.159.454.703,47	81,98%	2.098.005.552,27	97,15%
Deputación	874.303.370,91	51,52%	450.461.178,68	17,10%	485.075.996,74	107,68%
Entidade Local Menor	473.158,26	62,48%	295.612,20	0,01%	242.447,36	82,02%
Mancomunidade	30.161.628,49	79,36%	23.936.465,18	0,91%	19.313.976,92	80,69%



O volume de obrigas recoñecidas nestas dedicadas a operacións correntes ascende a 2.107.856,23 miles de euros, o que implica que o 80,02% do total dos recursos dispoñibles polas entidades do sector público local se destina a gastos derivados das actividades ordinarias propias das mesmas, así como do resto de organismos públicos financiados total ou parcialmente por elas. O orzamento para gastos en investimentos acada 365.870,64 miles de euros (o 13,89% do total dos recursos dispoñibles), mentres que as obrigas derivadas de operacións financeiras supoñen 160.421,09 miles de euros, que se corresponde co 6,09% do total de recursos.

De novo, a análise das obrigas recoñecidas por provincias amosa o maior volume bruto das mesmas concentrado nas provincias de A Coruña e Pontevedra (41,44% e 31,29% do total de obrigas recoñecidas), pero un maior peso do indicador per cápita nas provincias de Lugo e Ourense.

Cadro 16 Liquidación agregada orzamento de gastos. Distribución provincial

PROVINCIA	HABITANTES	%	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	ORN/HAB	% ORN
A Coruña	1.122.799	41,30%	1.091.622.197,00	972,23	41,44%
Lugo	336.527	12,38%	364.102.126,16	1.081,94	13,82%
Ourense	314.853	11,58%	354.228.322,13	1.125,06	13,45%
Pontevedra	944.346	34,74%	824.195.314,24	872,77	31,29%
Totais	2.718.525	100,00%	2.634.147.959,53	968,96	100,00%

IV.1.3. EVOLUCIÓN TEMPORAL

Estas cifras de dereitos e de obrigas recoñecidas supoñen:

- No que respecta aos dereitos recoñecidos, unha diminución interanual do 2,72% respecto das cifras do exercicio 2015 e incremento acumulado do 1,41% dende o exercicio 2013. Esta

diminución anual do orzamento de ingresos concéntranse fundamentalmente nos ingresos procedentes de operacións de capital e de operacións financeiras.

Cadro 17 Evolución temporal do orzamento de ingresos

% EVOLUCION ANUAL ORZAMENTO DE INGRESOS. ANO 2013 BASE 100				
CAPITULO	Base 2013	% Variac. 2014	% Variac. 2015	% Variac. 2016
1 Impostos directos.	100,00%	102,64%	105,57%	108,23%
2 Impostos indirectos.	100,00%	101,61%	108,63%	116,12%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	100,00%	103,11%	104,32%	102,97%
4 Transferencia correntes.	100,00%	98,56%	99,96%	100,21%
5 Ingresos patrimoniais.	100,00%	92,16%	79,49%	68,48%
<i>Ingresos Correntes</i>	<i>100,00%</i>	<i>100,59%</i>	<i>102,39%</i>	<i>103,14%</i>
6 Alleamento de investimentos reais.	100,00%	-12,74%	92,11%	29,89%
7 Transferencias de capital.	100,00%	90,93%	141,66%	88,22%
<i>Ingresos de Capital</i>	<i>100,00%</i>	<i>86,76%</i>	<i>139,66%</i>	<i>85,88%</i>
8 Activos financeiros.	100,00%	87,29%	97,28%	61,95%
9 Pasivos financeiros.	100,00%	42,68%	97,66%	65,38%
<i>Ingresos Financeiros</i>	<i>100,00%</i>	<i>47,96%</i>	<i>97,62%</i>	<i>64,97%</i>
TOTAL	100,00%	98,69%	104,13%	101,41%

b) No que respecta ás obrigas recoñecidas, unha diminución anual do 8,11% respecto das cifras acadadas no exercicio anterior e do 1,56% dende o exercicio 2013. Esta diminución do orzamento de gastos ten a súa orixe na caída dos gastos de capital, manténdose praticamente o gasto corrente, dado a rixidez dos gastos de persoal e resto de gastos destes capítulos, diminuíndo igualmente os gastos financeiros.

Cadro 18 Evolución temporal do orzamento de gastos

% EVOLUCION ANUAL ORZAMENTO DE GASTOS. ANO 2013 BASE 100				
CAPITULO	Base 2013	% Variac. 2014	% Variac. 2015	% Variac. 2016
1 Gastos de persoal.	100,00%	100,49%	102,05%	101,54%
2 Gastos correntes en bens e servizos.	100,00%	102,64%	103,81%	103,29%
3 Gastos financeiros.	100,00%	86,59%	42,11%	27,64%
4 Transferencias correntes.	100,00%	97,65%	99,53%	100,19%
<i>Total Gastos Correntes</i>	<i>100,00%</i>	<i>101,01%</i>	<i>101,81%</i>	<i>101,24%</i>
6 Investimentos reais.	100,00%	100,68%	141,13%	88,49%
7 Transferencias de capital.	100,00%	88,92%	156,57%	118,97%
<i>Total Gastos Capital</i>	<i>100,00%</i>	<i>98,44%</i>	<i>144,07%</i>	<i>94,30%</i>
8 Activos financeiros.	100,00%	68,90%	269,81%	281,43%
9 Pasivos financeiros.	100,00%	104,68%	77,77%	71,28%
<i>Total Gastos Financeiros</i>	<i>100,00%</i>	<i>103,55%</i>	<i>83,83%</i>	<i>77,92%</i>
TOTAL	100,00%	100,83%	106,55%	98,44%

Comparando este evolución coa que se produce no resto de Comunidades Autónomas, obsérvase que os incrementos do orzamentos de ingresos e gastos do sector local de Galicia son dos menos importantes que se producen a nivel nacional, o que motiva, tal como se sinala nos apartados seguintes, que o ingreso e gasto por habitante sigue lonxe das medias do resto do Estado.

Cadro 19 Evolución temporal dos orzamentos. Por Comunidade Autónoma

% EVOLUCION ANUAL ORZAMENTO DE INGRESOS. ANO 2013 BASE 100				
Comunidade Autónoma	Base 2013	% Variac. 2014	% Variac. 2015	% Variac. 2016
Andalucía	100,00%	100,64%	90,53%	67,55%
Aragón	100,00%	100,01%	104,83%	102,12%
Canarias	100,00%	111,17%	112,39%	114,76%
Cantabria	100,00%	110,00%	106,42%	103,90%
Castilla y León	100,00%	100,87%	99,50%	96,05%
Castilla-La Mancha	100,00%	101,31%	100,83%	92,73%
Catalunya	100,00%	105,82%	113,15%	108,47%
Comunitat Valenciana	100,00%	102,62%	108,75%	103,71%
Extremadura	100,00%	99,37%	100,99%	84,44%
Galicia	100,00%	98,69%	104,13%	101,41%
Illes Balears	100,00%	106,64%	108,88%	102,84%
La Rioja	100,00%	103,16%	105,60%	99,07%
Madrid	100,00%	104,96%	96,20%	93,20%
Principado de Asturias	100,00%	99,76%	101,20%	95,06%
Región de Murcia	100,00%	102,87%	98,66%	95,42%
% EVOLUCION ANUAL ORZAMENTO DE GASTOS. ANO 2013 BASE 100				
Comunidade Autónoma	Base 2013	% Variac. 2014	% Variac. 2015	% Variac. 2016
Andalucía	100,00%	104,99%	94,85%	68,84%
Aragón	100,00%	102,16%	104,41%	99,08%
Canarias	100,00%	112,94%	110,41%	110,06%
Cantabria	100,00%	109,71%	105,40%	97,25%
Castilla y León	100,00%	104,72%	102,00%	96,70%
Castilla-La Mancha	100,00%	106,04%	106,97%	94,35%
Catalunya	100,00%	108,06%	117,22%	109,53%
Comunitat Valenciana	100,00%	104,49%	108,95%	103,87%
Extremadura	100,00%	108,76%	108,93%	88,06%
Galicia	100,00%	100,85%	106,55%	98,49%
Illes Balears	100,00%	109,87%	108,44%	98,40%
La Rioja	100,00%	103,96%	105,48%	95,54%
Madrid	100,00%	114,42%	98,11%	100,88%
Principado de Asturias	100,00%	96,01%	100,30%	93,02%
Región de Murcia	100,00%	105,78%	102,11%	97,13%

IV.1.4. FINALIDADE DO GASTO

A orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, establece no seu articulado a estrutura por áreas de gasto, políticas de gasto e programas que rexen na asignación dos recursos de cada exercicio orzamentario.

A asignación dos recursos efectuarase dentro dunha estrutura de programas de gastos, que será adecuada aos contidos das políticas de gasto que delimitan e concretan as distintas áreas de actuación do orzamento, permitindo aos órganos xestores agrupar os créditos orzamentarios atendendo aos obxectivos a conseguir.

As áreas e políticas de gasto do orzamento do exercicio 2016 son as seguintes:

- Área de Gasto 1: Servizos Públicos Básicos. Inclúe os gastos orixinados polos servizos públicos básicos de prestación obligatoria para as entidades locais, de acordo co establecido no artigo 26.1 da LBRL. Inclúe catro políticas de gasto básicas: seguridade e mobilidade cidadán, vivenda e urbanismo, benestar comunitario e medio ambiente.
- Área de Gasto 2: Actuacións de protección e promoción social. Inclúe os gastos en catro políticas básicas: gastos e transferencias derivados do réxime de previsión; pensións de funcionarios; atención de carácter benéfico-asistencial e a grupos con necesidades especiais e fomento do emprego.
- Área de Gasto 3: Produción de bens públicos de carácter preferente. Inclúe os gastos destinados ás políticas en materia de sanidade, educación, cultura, ocio e deporte.
- Área de Gasto 4: Actuacións de carácter económico. Inclúe os gastos en actividades, servizos e transferencias para o desenvolvemento do potencial dos distintos sectores da actividade económica. Inclúe as políticas de gasto en materia de agricultura; industria e enerxía; comercio, turismo e PEMES; transporte público; infraestruturas; Investigación, desenvolvemento e innovación; e outras actuacións de carácter económico.
- Área de Gasto 9: Actuacións de carácter xeral. Inclúe os gastos en actividades polo exercicio de función de goberno ou de apoio administrativo e soporte lóxico e técnico a toda a organización; gastos xerais e transferencias xenéricas non imputadas a outra área; así mesmo, recolle os gastos xerais da entidade que non podan ser imputados nin aplicados directamente a outras áreas de gasto.
- Área de Gasto 0: Débeda Pública. Comprende os gastos de xuros e amortización da débeda

pública e demais operacións financeiras de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas (que se imputan na área 9).

O resumo xeral dos créditos orzamentarios definitivos, atendendo á súa finalidade e clasificados por tipo de entidade amósase no cadro seguinte:

Cadro 20 Créditos definitivos por áreas de gasto

CLASIFICACIÓN DOS CRÉDITOS DEFINITIVOS POR ÁREA DE GASTO E TIPO ENTIDADE.						
TIPO ENTIDADE	Área Gasto 0	Área Gasto 1	Área Gasto 2	Área Gasto 3	Área Gasto 4	Área Gasto 9
Total Concellos	133.623.916,50	1.130.555.334,60	301.476.913,88	420.039.904,28	231.428.492,87	461.189.747,04
Concello Tr. 1-Máis de 50.000 hab.	69.944.340,77	501.261.382,59	100.311.138,87	170.068.284,08	83.906.176,48	152.185.521,59
Concello Tr. 2-De 20.001 a 50.000 hab.	18.173.319,41	167.823.233,01	41.119.497,10	67.044.950,36	22.052.006,21	66.761.278,13
Concello Tr. 3-De 10.001 a 20.000 hab.	17.838.018,07	178.975.359,95	49.749.382,24	69.757.821,01	28.866.351,94	70.025.606,97
Concello Tr. 4-De 5.001 a 10.000 hab.	14.804.162,34	130.457.629,46	44.656.811,04	59.100.801,86	34.338.464,24	71.088.551,70
Concello Tr. 5-Menos de 5.000 hab.	12.864.075,91	152.037.729,59	65.640.084,63	54.068.046,97	62.265.494,00	101.128.788,65
Deputación	21.267.422,26	116.991.825,13	105.919.111,87	116.191.345,06	261.949.554,46	251.984.112,13
Resto Entidades	2.254.286,29	15.314.944,29	6.763.418,71	948.993,42	1.517.115,56	3.836.028,48
Entidade Local Menor	500,00	116.114,82	5.000,00	67.082,71	131.574,60	152.886,13
Mancomunidade	2.253.786,29	15.198.829,47	6.758.418,71	881.910,71	1.385.540,96	3.683.142,35
Total	157.145.625,05	1.262.862.104,02	414.159.444,46	537.180.242,76	494.895.162,89	717.009.887,65

O maior volume de gasto concentrase na área de servizos públicos básicos, que absorbe o 35,24% dos créditos definitivos e 35,93% das obrigas recoñecidas, seguido das actuacións de carácter xeral (20,01% dos créditos e 20,31% das obrigas respectivamente).

Cadro 21 Peso relativo das áreas de gasto

Area Gasto	Créditos definitivos	Peso relativo	Obrigas recoñecidas netas	Peso relativo	% Execución
0 Débeda Pública.	157.145.625,05	4,39%	146.840.311,48	5,57%	93,44%
1 Servizos Públicos Básicos	1.262.862.104,02	35,24%	946.357.062,26	35,93%	74,94%
2 Actuacións de protección e promoción social.	414.159.444,46	11,56%	315.453.253,62	11,98%	76,17%
3 Producción de bens públicos de carácter preferente.	537.180.242,76	14,99%	420.756.187,24	15,97%	78,33%
4 Actuacións de carácter económico.	494.895.162,89	13,81%	269.795.533,94	10,24%	54,52%
9 Actuacións de carácter xeral.	717.009.887,65	20,01%	534.945.610,99	20,31%	74,61%
TOTAL	3.583.252.466,83	100,00%	2.634.147.959,53	100,00%	73,51%

Finalmente, no cadro seguinte amósanse os pesos relativos, tanto nos créditos definitivos como nas obrigas recoñecidas que teñen as diferentes políticas de gasto orzamentadas e levadas a cabo, con indicación da súa porcentaxe de execución.

Cadro 22 Peso relativo das políticas de gasto

AREA GASTO/POLITICA GASTO	% Créditos definitivos	% Obrigas recoñecidas	% Execución
0 Débeda Pública.	4,39%	5,57%	93,44%
01 Débeda Pública.	4,38%	5,57%	93,44%
1 Servizos Públicos Básicos	35,24%	35,93%	74,94%
-	0,04%	0,04%	75,74%
13 Seguridade e mobilidade cidadá.	6,12%	7,44%	89,35%
15 Vivenda e urbanismo.	9,73%	7,35%	55,49%
16 Benestar comunitario .	16,12%	18,16%	82,80%
17 Medio ambiente.	3,22%	2,93%	66,95%
2 Actuacións de protección e promoción social.	11,56%	11,98%	76,17%
-	0,00%	0,00%	88,55%
21 Pensións.	0,41%	0,48%	86,13%
22 Outras prestacións económicas a favor de emplegados.	0,45%	0,52%	84,13%
23 Servizos Sociais e promoción social.	7,62%	8,33%	80,33%
24 Fomento do Emprego.	3,07%	2,65%	63,33%
3 Producción de bens públicos de carácter preferente.	14,99%	15,97%	78,33%
-	0,00%	0,00%	-
31 Sanidade.	0,54%	0,60%	81,32%
32 Educación.	3,28%	3,89%	87,13%
33 Cultura.	6,45%	7,02%	79,95%
34 Deporte.	4,72%	4,47%	69,64%
4 Actuacións de carácter económico.	13,81%	10,24%	54,52%
-	0,01%	0,01%	86,66%
41 Agricultura, Gandería e Pesca.	0,52%	0,44%	62,46%
42 Industria e enerxía.	0,43%	0,20%	34,91%
43 Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.	1,90%	1,78%	68,78%
44 Transporte público.	1,16%	1,41%	89,50%
45 Infraestruturas.	9,46%	6,12%	47,58%
46 Investigación, desenvolvemento e innovación.	0,06%	0,03%	32,54%
49 Outras actuacións de carácter económico.	0,27%	0,24%	66,79%
9 Actuacións de carácter xeral.	20,01%	20,31%	74,61%
-	0,02%	0,03%	84,61%
91 Órganos de goberno.	1,86%	2,28%	90,08%
92 Servizos de carácter xeral.	9,55%	10,80%	83,10%
93 Administración financeira e tributaria.	4,64%	4,59%	72,87%
94 Transferencias a outras Administracións Públicas.	3,94%	2,61%	48,71%
TOTAL	100,00%	100,00%	73,51%

IV.1.5. CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO

A capacidade/necesidade de financiamento na contabilidade pública establecese a partir do resultado orzamentario, que se calcula mediante a elaboración do estado de liquidación do orzamento.

Cadro 23 Capacidad/Necesidade de financiamento do sector local Galicia

CONCEPTO	2013	2014	2015	2016
1. (+) Operacións Non Financeiras	272.843.840,01	253.024.611,86	213.863.077,60	361.645.189,83
2. (+) Operacións Activos Financeiros	1.371.448,79	2.279.048,43	-9.987.355,33	-13.489.107,23
I. Resultado do exercicio (1+2)	274.215.288,80	255.303.660,29	203.875.722,27	348.156.082,60
II. Variación neta Pasivos Financeiros	-133.656.170,14	-167.438.196,06	-98.556.720,25	-104.329.899,32
Saldo Orzamentario do exercicio (I+II)	163.415.561,09	103.451.661,84	105.319.002,02	243.826.183,28
(+) Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	205.013.011,58	275.354.999,05	416.935.729,84	212.782.000,89
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	97.678.747,00	89.008.961,33	86.870.387,00	72.265.071,37
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	93.594.945,33	74.461.273,00	93.604.242,13	77.739.151,98
Superávit/Déficit financiamento no exercicio	372.551.413,55	393.297.594,05	515.522.531,80	451.070.896,50

O exame destas magnitudes orzamentarias mostra un resultado do exercicio de 348.156,08 miles de euros, dos cales 104.329,90 miles de euros se empregan na cancelación de endebedamento, quedando unha capacidade de financiamento adicional de 243.826,18 miles de euros. Finalmente, trala consideración das operacións finanziadas co remanente de tesourería e das desviacións de financiamento, obtense un superávit/déficit de financiamento do exercicio (ou resultado orzamentario axustado) de importe 451.070,90 miles de euros, que informa da capacidade ou necesidade de financiamento das entidades para poder realizar os gastos establecidos no orzamento durante o exercicio económico.

Un total de 40 entidades locais presentan saldo por operacións non financeiras negativo, se ben o conxunto do sector local presenta cifras positivas de xeito agregado. O detalle destas 40 entidades analizase nos epígrafes seguintes deste informe.

ENTIDADE	Nº	Saldo
Concello tramo 3-De 10.001 a 20.000 habitantes	2	-244.089,55
Concello tramo 4-De 5.001 a 10.000 habitantes	6	-4.416.086,93
Concello tramo 5-Menos de 5.000 habitantes	27	-3.617.145,77
Entidade Local Menor	1	-20.410,18
Mancomunidad	4	-73.450,76
TOTAL	40	-8.371.183,19

Conforme ao establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e



sustentabilidade financeira, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, entendéndose por tal a situación de equilibrio ou superávit orzamentario en termos de capacidade de financiamento. A cifra a considerar non coincide exactamente coa reflectida na contabilidade pública, senón que é necesario practicar unha serie de axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional (axustes que se practican de xeito consensuado polo Instituto Nacional de Estatística, Banco de España e Intervención Xeral da Administración do Estado). Unha vez practicados estes axustes, redúcese a 24 o número de entidades locais de Galicia que non cumplen cos requisitos de estabilidade orzamentaria, segundo a consulta de seguimento dos plans económicos financeiros das entidades locais que consta no enderezo electrónico do Ministerio de Hacienda y Función Pública. Son as seguintes:

Cadro 24 Entidades que non cumplen coa estabilidade orzamentaria. Exercicio 2016

ENTIDADES QUE NON CUMPREN A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. EXERCICIO 2016					
Tipo	Nome	Provincia	Cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria criterios SEC	Importe saldo non financeiro	Cumprimento Regra do gasto
Concello	Arzúa	CORUÑA, A	Non Cumple	-338.186,14	Non Cumple
Concello	Cereda	CORUÑA, A	Non Cumple	-439.729,89	Non Cumple
Concello	Curtis	CORUÑA, A	Non Cumple	-266.287,21	Non Cumple
Concello	Dumbría	CORUÑA, A	Non Cumple	-60.123,28	Cumple
Concello	Miño	CORUÑA, A	Non Cumple	-3.292.609,23	Non Cumple
Concello	Muxía	CORUÑA, A	Non Cumple	-447.623,60	Non Cumple
Concello	Pino (O)	CORUÑA, A	Non Cumple	-597.093,03	Non Cumple
Concello	Pontes de García Rodríguez (As)	CORUÑA, A	Non Cumple	665.775,47	Cumple
Concello	Teo	CORUÑA, A	Non Cumple	1.076.489,56	Non Cumple
Concello	Val do Dubra	CORUÑA, A	Non Cumple	61.581,58	Non Cumple
Concello	Foz	LUGO	Non Cumple	1.746.352,90	Non Cumple
Concello	Pol	LUGO	Non Cumple	62.703,06	Non Cumple
Concello	Ribeira de Piquín	LUGO	Non Cumple	-234.382,72	Cumple
Concello	Sober	LUGO	Non Cumple	-307.975,54	Non Cumple
Concello	Barbadás	OURENSE	Non Cumple	10.288,78	Non Cumple
Concello	Calvos de Randín	OURENSE	Non Cumple	-2.574,31	Non Cumple
Concello	Castrelo de Miño	OURENSE	Non Cumple	-183.125,08	Non Cumple
Concello	Lobeira	OURENSE	Non Cumple	-962,25	Non Cumple
Concello	Manzaneda	OURENSE	Non Cumple	77.679,55	Cumple
Concello	Montederramo	OURENSE	Non Cumple	-88.773,20	Cumple

ENTIDADES QUE NON CUMPREN A ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. EXERCICIO 2016					
Tipo	Nome	Provincia	Cumprimento obxectivo estabilidade orzamentaria criterios SEC	Importe saldo non financeiro	Cumprimento Regra do gasto
Concello	Baiona	PONTEVEDRA	Non Cumple	-36.058,96	Non Cumple
Concello	Agolada	PONTEVEDRA	Non Cumple	-301.628,89	Non Cumple
Concello	Illa de Arousa (A)	PONTEVEDRA	Non Cumple	-99.357,66	Cumple
Deputación	Deputación Prov. de Ourense	OURENSE	Cumple	5.706.785	Non Cumple

IV.2 CONTA XERAL DAS DEPUTACIÓNIS PROVINCIAIS

O seguintes cadros amosan a execución no exercicio 2016 dos orzamentos de ingresos e gastos das Deputaciónis provinciais, así como o resultado orzamentario obtido no exercicio 2016, expresados en euros.

- Os dereitos liquidados no exercicio 2016 (orzamento agregado) acadaron a cifra de 525.237,99 miles de euros, o que representa un índice de execución do 60,08% sobre as previsións definitivas, e supón unha diminución do 4,09% respecto dos dereitos liquidados no exercicio anterior.
- As obrigas recoñecidas netas do exercicio ascenden a 450.461,18 miles de euros, o que supón un índice de execución do gasto de 51,52% sobre os créditos definitivos, e supón unha diminución do 16,69% respecto das obrigas do exercicio anterior.
- O resultado orzamentario agregado das Deputaciónis foi de 180.964,76 miles de euros, presentando todas elas un resultado positivo, e supón un aumento do 42,70% respecto do resultado orzamentario axustado do exercicio anterior.

Cadro 25 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Deputacións Provinciais

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE INGRESOS. DEPUTACIÓNIS. EXERCICIO 2016						
CAPÍTULO	PREVISIÓNIS DEF	% EXEC	DEREITOS RN	PESO	RECADADO	% COBRO
1 Impostos directos.	37.811.409,26	110,40%	41.743.352,65	7,95%	38.681.922,89	92,67%
2 Impostos indirectos.	34.703.487,73	105,00%	36.439.883,45	6,94%	33.884.379,69	92,99%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	37.213.661,55	101,90%	37.922.110,33	7,22%	35.924.777,85	94,73%
4 Transferencia correntes.	393.129.404,11	102,04%	401.155.318,91	76,38%	370.021.025,39	92,24%
5 Ingresos patrimoniais.	2.766.185,48	71,23%	1.970.417,20	0,38%	1.929.753,64	97,94%
<i>Ingresos Correntes</i>	<i>505.624.148,13</i>	<i>102,69%</i>	<i>519.231.082,54</i>	<i>98,86%</i>	<i>480.441.859,46</i>	<i>92,53%</i>
6 Alleamento de investimentos reais.	2.462.186,91	12,37%	304.558,78	0,06%	283.639,95	93,13%
7 Transferencias de capital.	13.536.897,65	24,52%	3.319.127,25	0,63%	2.295.756,04	69,17%
<i>Ingresos Capital</i>	<i>15.999.084,56</i>	<i>22,65%</i>	<i>3.623.686,03</i>	<i>0,69%</i>	<i>2.579.395,99</i>	<i>71,18%</i>

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE INGRESOS. DEPUTACIÓN. EXERCICIO 2016						
CAPÍTULO	PREVISIÓN DEF	% EXEC	DEREITOS RN	PESO	RECADADO	% COBRO
8 Activos financeiros.	352.680.138,22	0,68%	2.383.217,51	0,45%	2.054.741,29	86,22%
9 Pasivos financeiros.	0,00	-	0,00	0,00%	0,00	-
<i>Ingresos Financeiros</i>	<i>352.680.138,22</i>	<i>0,68%</i>	<i>2.383.217,51</i>	<i>0,45%</i>	<i>2.054.741,29</i>	<i>86,22%</i>
Total	874.303.370,91	60,08%	525.237.986,08	100,00%	485.075.996,74	92,35%
A Coruña	374.803.029,11	53,61%	200.918.734,92	38,25%	184.351.022,63	91,75%
Lugo	125.150.756,45	69,85%	87.411.578,69	16,64%	81.026.460,81	92,70%
Ourense	111.276.735,02	74,61%	83.023.041,93	15,81%	77.530.818,27	93,38%
Pontevedra	263.072.850,33	58,50%	153.884.630,54	29,30%	142.167.695,03	92,39%

Cadro 26 Liquidación agregada orzamento de gastos. Deputacións Provinciais

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE GASTOS. DEPUTACIÓN. EXERCICIO 2016						
CAPÍTULO	CRÉDITOS DEF	% EXECUCIÓN	ORN	PESO	PAGOS	%PAGO
1 Gastos de persoal.	137.761.664,75	91,63%	126.230.740,31	28,02%	124.786.406,64	98,86%
2 Gastos correntes en bens e servizos.	116.592.582,07	65,82%	76.743.807,79	17,04%	71.575.746,58	93,27%
3 Gastos financeiros.	774.581,52	38,72%	299.884,42	0,07%	276.870,74	92,33%
4 Transferencias correntes.	149.977.952,57	62,07%	93.093.369,66	20,67%	85.368.245,99	91,70%
5 Fondo de continxencia.	4.831.570,99	0,00%	0,00	0,00%	0,00	-
<i>Gastos Correntes</i>	<i>409.938.351,90</i>	<i>72,30%</i>	<i>296.367.802,18</i>	<i>65,79%</i>	<i>282.007.269,95</i>	<i>95,15%</i>
6 Investimentos reais.	148.846.632,35	29,47%	43.862.184,67	9,74%	41.375.988,32	94,33%
7 Transferencias de capital.	260.755.257,85	28,32%	73.841.420,12	16,39%	64.552.989,32	87,42%
<i>Gastos capital</i>	<i>409.601.890,20</i>	<i>28,74%</i>	<i>117.703.604,79</i>	<i>26,13%</i>	<i>105.928.977,64</i>	<i>90,00%</i>
8 Activos financeiros.	33.003.231,21	44,33%	14.629.874,34	3,25%	14.629.874,34	100,00%
9 Pasivos financeiros.	21.759.897,60	100,00%	21.759.897,37	4,83%	19.977.537,23	91,81%
<i>Gastos Financeiros</i>	<i>54.763.128,81</i>	<i>66,45%</i>	<i>36.389.771,71</i>	<i>8,08%</i>	<i>34.607.411,57</i>	<i>95,10%</i>
Total	874.303.370,91	51,52%	450.461.178,68	100,00%	422.543.659,16	93,80%
A Coruña	374.803.029,11	39,11%	146.571.664,62	32,54%	144.606.508,63	98,66%
Lugo	125.150.756,45	62,19%	77.837.314,11	17,28%	66.175.863,80	85,02%
Ourense	111.276.735,02	77,78%	86.549.998,69	19,21%	74.815.188,99	86,44%
Pontevedra	263.072.850,33	53,03%	139.502.201,26	30,97%	136.946.097,74	98,17%

Cadro 27 Resultado Orzamentario. Deputacións Provinciais

RESULTADO ORZAMENTARIO AGREGADO. DEPUTACIÓN. EXERCICIO 2016				
ESTADO	DRN	ORN	AXUSTES	RESULTADO
a. Operacións correntes	519.231.082,54	296.367.802,18	0,00	222.863.280,36
b. Operacións de capital	3.623.686,03	117.703.604,79	0,00	-114.079.918,76
1. Total operacións non financeiras (a+b)	522.854.768,57	414.071.406,97	0,00	108.783.361,60
c. Activos financeiros	2.383.217,51	14.629.874,34	0,00	-12.246.656,83
d. Pasivos financeiros	0,00	21.759.897,37	0,00	-21.759.897,37
2. Total operacións financeira (c+d)	2.383.217,51	36.389.771,71	0,00	-34.006.554,20
RDO. ORZAMENTARIO. EXERCICIO (I=1+2)	525.237.986,08	450.461.178,68	0,00	74.776.807,40

RESULTADO ORZAMENTARIO AGREGADO. DEPUTACIÓN. EXERCICIO 2016				
ESTADO	DRN	ORN	AXUSTES	RESULTADO
3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	107.147.673,96	0,00
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	2.382.545,67	0,00
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	3.342.266,05	0,00
II Total axustes (II=3+4+5)	0,00	0,00	106.187.953,58	0,00
RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	0,00	0,00	0,00	180.964.760,98
Pontevedra	153.884.630,54	139.502.201,26	42.914.198,12	57.296.627,40
Ourense	83.023.041,93	86.549.998,69	22.981.690,82	19.454.734,06
Lugo	87.411.578,69	77.837.314,11	24.360.871,95	33.935.136,53
A Coruña	200.918.734,92	146.571.664,62	15.931.192,69	70.278.262,99

IV.2.1 ESTRUTURA DOS ORZAMENTOS

No que respecta á estrutura do orzamento das Deputacións provinciais e a súa evolución temporal é de destacar que:

- Na vertente dos ingresos, mantense a forte dependencia que teñen as Deputacións dos ingresos procedentes das transferencias. Así, no exercicio 2016 os ingresos procedentes doutras administracións públicas representan o 77,01% dos seus ingresos totais, mentres que os tributos propios acadan unicamente o 22,11%. A diminución anual dos ingresos (4,09%) está motivada fundamentalmente pola diminución dos ingresos procedentes da transferencias, financeiros e outro tipo de ingresos, que descenden un 5,66%, 36,20% e 44,73% respecto do exercicio anterior (24.265,91 miles de euros, 1.352,19 miles de euros e 1.841,02 miles de euros respectivamente, aumentando os ingresos de natureza tributaria nun 4,56% ou 5.063,56 miles de euros con respecto aos equivalentes do exercicio anterior).


Analizando esta evolución en termos acumulados dende o exercicio 2013, comprobase un aumento do orzamento de ingresos do 2,19%, sendo os ingresos de natureza tributaria e as transferencias os únicos que presentan variacións positivas.

- Polo que respecta aos gastos, o 45,06% dos mesmos son gastos de funcionamento da entidade local (capítulos I e II) e o 26,13% son gastos de capital (capítulos VI e VII), sumando entre ambos o 71,19% do gasto total das Deputacións. As transferencias representan o 20,67% e a carga financeira o 4,90%. Comparando este datos cos do exercicio anterior, obsérvase como a diminución global do orzamento de gastos (16,69%) vén causada fundamentalmente pola diminución do gasto de capital (39,25% de diminución, ou 76.059,17 miles de euros) e do gasto corrente (5,20% de diminución ou 10.731,73 miles de euros en termos absolutos), diminuíndo a carga financeira nun 31,80% ou 10.284,33 miles de euros respecto do exercicio anterior.

En termos acumulados dende o exercicio 2013, apreciase unha diminución do orzamento de gastos do 1,81%, aumentando o gasto corrente e as transferencias correntes nun 7,83% e 13,06% respectivamente, pero con importantes diminucións da carga financeira (67,17%) e do gasto de capital (0,85%).

Cadro 28 Estrutura dos orzamento. Deputacións Provinciais

INGRESOS	2013	2014	2015	2016	Anual	Acumulada
Tributos	99.596.747,12	102.123.702,15	111.041.789,27	116.105.346,43	4,56%	16,58%
Transferencias	398.445.589,09	394.487.579,69	428.740.359,77	404.474.446,16	-5,66%	1,51%
Financeiros	4.747.988,98	3.787.475,13	3.735.403,61	2.383.217,51	-36,20%	-49,81%
Outros	11.185.690,87	2.825.002,16	4.115.998,89	2.274.975,98	-44,73%	-79,66%
TOTAL	513.976.016,06	503.223.759,13	547.633.551,54	525.237.986,08	-4,09%	2,19%
GASTOS	2013	2014	2015	2016	Anual	Acumulada
Gasto Corrente	188.229.646,06	185.485.552,59	213.706.277,35	202.974.548,10	-5,02%	7,83%
Carga Financeira	67.200.130,08	70.564.754,63	32.344.111,86	22.059.781,79	-31,80%	-67,17%
Transferencias Correntes	82.339.599,65	80.719.467,72	85.834.870,98	93.093.369,66	8,46%	13,06%
Gasto Capital	118.716.104,12	121.894.411,43	193.762.778,32	117.703.604,79	-39,25%	-0,85%
Outros	2.293.681,03	1.587.370,10	15.027.685,61	14.629.874,34	-2,65%	537,83%
TOTAL	458.779.160,94	460.251.556,47	540.675.724,12	450.461.178,68	-16,69%	-1,81%



IV.2.2 MAGNITUDES ORZAMENTARIAS

As catro deputacións provinciais presentan unha situación de aforro bruto positivo, manténdose en termos acumulados o resultado obtido no exercicio anterior (variación do 0,96%). Esta situación indica a capacidade das entidades para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. Anualmente, todas elas aumentan este resultado, coa excepción da deputación de Lugo e Ourense, que experimenta uns retrocesos do 2,55% e do 14,73% respectivamente.

Cadro 29 Aforro Bruto. Deputacións Provinciais

Concepto	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
Ingresos por operacións correntes (Capt. I a V)	490.962.076,38	487.934.816,55	520.805.786,89	519.231.082,54	-0,30%
Gastos por operacións correntes (Capt. I a V)	272.597.315,35	267.213.439,83	300.070.701,03	296.367.802,18	-1,23%
AFORRO BRUTO	218.364.761,03	220.721.376,72	220.735.085,86	222.863.280,36	0,96%
A Coruña	91.149.785,65	98.319.054,73	102.136.424,08	104.237.837,74	2,06%
Lugo	28.576.241,30	31.983.703,98	27.937.116,99	27.223.907,48	-2,55%
Ourense	27.994.380,88	29.008.370,09	28.805.378,02	24.562.372,02	-14,73%
Pontevedra	70.644.353,20	61.410.247,92	61.856.166,77	66.839.163,12	8,06%

E igualmente as catro Deputacións presentan unha situación de superávit por operacións non financeiras, que lles permite poder financiar os seus gastos sen necesidade de acudir a novo endebedamento. É un resultado mellor que o obtido no exercicio anterior (117,29%), aumento causado polas mellores cifras obtidas polas Deputacións, salvo no caso da Deputación de Ourense.

Cadro 30 Superávit non financeiro. Deputacións Provinciais

Concepto	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
Total Ingresos non financeiros (Capt. I a VII)	509.228.027,08	499.436.284,00	543.898.147,93	522.854.768,57	-3,87%
Total Gastos non financeiros (Capt. I a VII)	391.313.419,47	389.107.851,26	493.833.479,35	414.071.406,97	-16,15%
SUPERÁVIT/DÉFICIT NON FINANCIERO	117.914.607,61	110.328.432,74	50.064.668,58	108.783.361,60	117,29%
A Coruña	44.257.194,22	52.192.886,55	41.792.908,64	65.047.831,40	55,64%
Lugo	11.837.406,43	15.474.836,87	206.955,39	9.368.072,98	4426,61%
Ourense	19.123.181,20	17.385.491,24	13.049.022,83	5.706.785,35	-56,27%
Pontevedra	42.696.825,76	25.275.218,08	-4.984.218,28	28.660.671,87	-675,03%

Destacando o notable incremento que se produce na Deputación de Lugo, debido fundamentalmente á diminución das obrigas recoñecidas en no capítulo 6 de Investimentos reais (pasa de 21.881,19 euros no exercicio 2015 a 5.979,97 euros no exercicio 2016)


A consecuencia desta situación de superávit non financeiro é a posibilidade de empregalo na



diminución do saldo vivo do endebedamento, circunstancia que acometen todas as Deputacións, reduciuse o saldo vivo nun importe acumulado de 21.759,90 miles de euros.

Cadro 31 Variación do endebedamento. Deputacións Provinciais

Concepto	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
Ingresos Pasivos Financeiros (Capt. IX)	118.058,74	0,00	0,00	0,00	-
Gastos Pasivos Financeiros (Capt. IX)	65.172.060,44	69.556.335,11	31.814.559,16	21.759.897,37	-31,60%
INCREMENTO (+)/DIMINUCIÓN (-) ENDEBEDAMENTO	-65.054.001,70	-69.556.335,11	-31.814.559,16	-21.759.897,37	-31,60%
A Coruña	-20.338.426,17	-36.603.735,48	0,00	0,00	-
Lugo	-10.404.697,07	-10.236.534,15	-8.759.633,28	-113.464,33	-98,70%
Ourense	-10.398.801,88	-8.826.763,59	-9.165.624,00	-7.757.129,94	-15,37%
Pontevedra	-23.912.076,58	-13.889.301,89	-13.889.301,88	-13.889.303,10	0,00%



IV.2.3 REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería indica a capacidade da entidade local para fazer fronte ás súas débedas a curto prazo a fin de exercicio. O seu importe agregado, que se amosa no cadro 29,

acada un importe de 458.711,93 miles de euros, representando os saldos de dubidoso cobro o 5,43% do total de dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio.

Todas as deputacións provinciais presentan un remanente de tesourería positivo.

Porén, esta cifra de remanente de tesourería debe corrixirse pola existencia de obrigas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento. Estas obrigas recóllense na conta 413 e ascenden a un importe total de 3.864,98 miles de euros, cun importante aumento do 98,81% respecto das cifras acadadas no exercicio anterior debido aos datos das Deputacións de Lugo e Ourense. Esta contía debe ser minorada do remanente de tesourería para gastos xerais, e áinda así continúa en valores positivos en todas elas.

Cadro 32 Remanente de tesourería. Deputacións Provinciais


Apunte	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
1. Fondos líquidos	362.037.297,79	404.402.061,31	421.505.504,71	505.082.820,03	19,83%
2. Dereitos pendentes de cobramento	231.767.218,19	229.325.935,39	246.463.110,22	251.660.010,83	2,11%
3. Obrigas pendentes de pago	246.942.168,98	244.348.472,45	253.633.698,81	274.976.004,01	8,41%
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	346.862.347,00	389.379.524,25	403.532.106,01	478.302.240,06	18,53%
II. Saldos de dubidoso cobramento	9.469.393,32	11.501.314,24	12.675.057,57	13.662.314,62	7,79%
III. Exceso de financiamento afectado	9.164.774,43	7.121.281,56	8.553.434,17	5.927.999,55	-30,69%
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I - II - III)	328.228.179,25	370.756.928,45	382.303.614,27	458.711.925,89	19,99%
A Coruña	164.164.359,17	179.706.495,97	211.218.071,63	264.649.684,38	25,30%
Lugo	43.627.270,61	48.495.634,77	41.013.803,98	51.573.758,68	25,75%
Ourense	16.318.226,08	24.156.164,41	27.638.325,51	25.492.565,03	-7,76%
Pontevedra	104.118.323,39	118.398.633,30	102.433.413,15	116.995.917,80	14,22%
Saldo 413	591.245,75	2.743.934,24	1.944.036,17	3.864.978,36	98,81%
A Coruña	257.430,18	56.241,47	313.530,27	303.037,78	-3,35%
Lugo	213.946,28	2.687.692,77	1.584.065,66	2.898.731,04	82,99%
Ourense	119.869,29	0,00	46.440,24	663.209,54	1328,09%
Pontevedra	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%

IV.2.4 COMPARATIVA NACIONAL

Finalmente, o cadro seguinte amosa a comparativa de ingresos e gastos das deputacións provincias, expresados en euros, por habitante. As deputacións galegas rexistran un ingreso por habitante que representa o 91,07% da media española, mentres que o gasto por habitante representa o 82,01% da dita media, sendo os máis baixos do conxunto do Estado, con una continua degradación dos mesmos.

Cadro 33 Comparativa nacional. Deputacións Provinciais

COMUNIDADE AUTONOMA	INGRESO/HAB					GASTO/HAB				
	2013	2014	2015	2016	INDICE	2012	2013	2014	2015	INDICE
Andalucía	220,23	231,60	250,59	221,08	104,21%	210,57	238,07	249,31	208,15	103,01%
Aragón	202,49	203,48	206,37	212,15	100,00%	214,41	208,26	197,87	216,40	107,10%
Castilla y León	299,31	300,92	307,54	304,20	143,39%	299,89	298,68	296,13	293,13	145,07%
Castilla-La Mancha	227,74	231,97	286,54	278,00	131,04%	217,25	228,32	304,71	269,03	133,14%
Catalunya	152,17	161,61	221,55	222,83	105,04%	135,87	153,99	228,15	212,52	105,18%
Comunitat Valenciana	172,16	173,77	204,10	197,11	92,91%	168,34	162,34	200,97	189,29	93,68%
Extremadura	269,11	266,66	290,18	281,72	132,79%	227,37	280,06	307,24	290,69	143,86%
Galicia	185,82	183,08	200,43	193,21	91,07%	165,87	167,44	197,88	165,70	82,01%
TOTAL	187,26	192,62	222,03	212,15	100,00%	177,30	189,72	223,04	202,06	100,00%




IV.3 CONTA XERAL DOS CONCELLOS

Neste apartado analízase a información económico financeira dos concellos de Galicia. Son un total de 314 concellos e os seus dereitos e obrigas recoñecidos representan o 80,88% e 81,98%, respectivamente, dos totais acadados polo sector público local de Galicia, tal como se amosa no cadro seguinte:

Cadro 34 Detalle Liquidación agregada por tipo entidade

TIPO ENTIDADE		DEREITOS RN	%	ORN	%
Total Concellos		2.328.569.838,26	80,88%	2.159.454.703,47	81,98%
Concello	1-Máis de 50.000 habitantes	923.506.131,82	32,08%	862.421.284,92	32,74%
Concello	2-De 20.001 a 50.000 habitantes	336.559.149,19	11,69%	310.142.782,21	11,77%
Concello	3-De 10.001 a 20.000 habitantes	361.989.566,74	12,57%	338.094.569,98	12,84%
Concello	4-De 5.001 a 10.000 habitantes	307.640.008,49	10,68%	277.576.618,86	10,54%
Concello	5-Menos de 5.000 habitantes	398.874.982,02	13,85%	371.219.447,50	14,09%
Deputación	-	525.237.986,08	18,24%	450.461.178,68	17,10%
Resto Entidades		25.369.793,27	0,88%	24.232.077,38	0,92%
Entidade Local Menor	-	363.090,27	0,01%	295.612,20	0,01%
Mancomunidade	-	25.006.703,00	0,87%	23.936.465,18	0,91%
TOTAL		2.879.177.617,61	100,00%	2.634.147.959,53	100,00%



Os dereitos e obligas recoñecidas nos orzamentos dos concellos de Galicia representan unhas contías de ingresos e gastos por habitante que se amosan no cadro seguinte, xunto coa comparativa das cifras de ingresos e gastos que se acadan no resto de Comunidades Autónomas:


Cadro 35 Comparativa ingresos e gastos por habitante dos concellos a nivel nacional

COMUNIDADE AUTÓNOMA	INGRESO/HAB					GASTO/HAB				
	Tr1*	Tr2	Tr3	Tr4	Tr5	Tr1*	Tr2	Tr3	Tr4	Tr5
Andalucía	706,56	608,54	608,77	492,74	737,18	646,21	529,61	541,99	438,97	653,12
Aragón	1.109,47	903,54	1.052,36	1.215,24	1.381,50	1.062,95	805,96	976,98	1.020,74	1.212,06
Canarias	1.088,91	1.139,87	1.094,38	1.150,09	1.382,67	968,06	996,86	945,58	948,97	1.242,51
Cantabria	1.181,86	1.025,78	846,20	606,68	904,15	1.029,30	869,52	752,52	582,38	776,77
Castilla y León	1.018,46	871,73	699,31	799,44	868,85	959,51	794,12	638,11	737,83	794,07
Castilla-La Mancha	1.018,88	787,52	733,37	691,69	794,30	941,83	732,62	691,26	643,45	730,80
Catalunya	1.458,70	1.146,64	1.112,61	1.023,41	1.190,87	1.405,51	1.056,11	1.031,88	946,31	1.097,27
Comunitat Valenciana	1.055,04	915,53	932,96	1.033,46	1.038,13	990,06	855,01	850,34	935,76	947,65
Extremadura	434,49	626,68	781,90	873,03	997,55	373,87	570,90	716,86	810,20	887,96
Galicia	934,93	781,40	748,20	808,47	915,47	873,09	720,07	698,82	729,47	854,72

COMUNIDADE AUTÓNOMA	INGRESO/HAB					GASTO/HAB				
	Tr1*	Tr2	Tr3	Tr4	Tr5	Tr1*	Tr2	Tr3	Tr4	Tr5
Illes Balears	1.118,28	1.343,14	1.660,56	1.254,42	1.168,37	1.102,05	1.103,20	1.344,32	1.174,57	1.001,42
La Rioja	912,43	839,09	507,87	846,77	1.275,29	867,59	742,39	459,23	726,84	1.124,42
Madrid	1.323,61	1.002,11	954,66	938,57	1.108,82	1.276,22	894,69	800,69	824,88	999,09
Navarra	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
País Vasco	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Principado de Asturias	1.014,68	813,40	814,00	900,55	1.004,50	943,48	772,00	748,20	882,05	937,80
Región de Murcia	972,07	831,81	781,66	632,43	612,72	905,00	727,90	746,65	600,90	547,83
MEDIA	1.053,94	858,9	796,41	777,79	896,34	997,03	772,13	719,92	705,37	811,72

Neste quadro pódese observar o pequeno tamaño orzamentario dos concellos galegos comparados cos seus homólogos do resto do Estado. Neste sentido rexístranse cifras de ingresos e gastos por habitante por debaixo da media nacional, excepto no caso dos concellos de menos de 10.000 habitantes (tramos de poboación 4 e 5).

Os ingresos e gastos por habitante do conxunto dos municipios galegos representa o 90,00% da media española, áinda que a tendencia interanual apunta a unha lixeira converxencia destes valores coa media nacional, especialmente no caso dos concellos de menos de 10.000 habitantes.



IV.3.1 CONCELLOS DE MÁIS DE 50.000 HABITANTES

Este grupo está integrado polas sete cidades de Galicia, que suman unha poboación de 978.779 habitantes (36,34% do da poboación total de Galicia).

O seguinte cadro amosa a execución no exercicio 2016 dos orzamentos de ingresos e gastos dos concellos de poboación superior a 50.000 habitantes, así como o resultado orzamentario obtido no exercicio 2016, expresados en euros.

Os dereitos liquidados no exercicio 2016 (orzamento agregado) acadaron a cifra de 923.506,13 miles de euros, o que representa un índice de execución do 84,64% sobre as previsións definitivas, e supón unha diminución do 4,48% respecto dos dereitos liquidados no exercicio anterior.

Cadro 36 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Concellos tramo 1

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE INGRESOS. EXERCICIO 2016 CONCELLOS TRAMO 1-Máis de 50.000 habitantes						
CAPÍTULO	PREVISIONS DEF	% EXEC	DEREITOS RN	PESO	RECADADO	% COBRO
1 Impostos directos.	372.040.605,75	104,78%	389.817.485,12	42,21%	345.508.668,62	88,63%
2 Impostos indirectos.	28.352.794,54	96,49%	27.358.677,87	2,96%	25.783.239,69	94,24%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	185.875.556,46	95,51%	177.531.902,49	19,22%	153.105.180,38	86,24%
4 Transferencia correntes.	295.630.267,89	98,80%	292.070.188,88	31,63%	280.953.543,95	96,19%
5 Ingresos patrimoniais.	13.727.115,44	92,63%	12.715.330,62	1,38%	8.540.589,56	67,17%
<i>Ingresos Correntes</i>	<i>895.626.340,08</i>	<i>100,43%</i>	<i>899.493.584,98</i>	<i>97,40%</i>	<i>813.891.222,20</i>	<i>90,48%</i>
6 Alleamento de investimentos reais.	1.388.267,34	81,10%	1.125.824,95	0,12%	1.125.824,95	100,00%
7 Transferencias de capital.	26.820.882,41	44,26%	11.869.634,77	1,29%	10.734.356,35	90,44%
<i>Ingresos Capital</i>	<i>28.209.149,75</i>	<i>46,07%</i>	<i>12.995.459,72</i>	<i>1,41%</i>	<i>11.860.181,30</i>	<i>91,26%</i>
8 Activos financeiros.	132.371.454,84	1,21%	1.598.671,85	0,17%	1.161.954,26	72,68%
9 Pasivos financeiros.	34.837.018,31	27,04%	9.418.415,27	1,02%	9.418.415,27	100,00%
<i>Ingresos Financeiros</i>	<i>167.208.473,15</i>	<i>6,59%</i>	<i>11.017.087,12</i>	<i>1,19%</i>	<i>10.580.369,53</i>	<i>96,04%</i>
Total	1.091.043.962,98	84,64%	923.506.131,82	100,00%	836.331.773,03	90,56%
A Coruña	296.768.677,37	86,26%	255.985.983,98	27,72%	231.814.347,79	90,56%
Ferrol	62.989.653,11	85,75%	54.012.006,00	5,85%	45.701.736,65	84,61%
Lugo	109.122.474,54	74,53%	81.331.382,21	8,81%	70.318.947,83	86,46%
Ourense	154.373.746,23	73,44%	113.378.890,35	12,28%	107.198.931,73	94,55%
Pontevedra	85.988.607,37	87,69%	75.406.644,99	8,17%	67.826.623,65	89,95%
Santiago de Compostela	121.462.468,64	82,98%	100.787.814,85	10,91%	90.826.300,44	90,12%
Vigo	260.338.335,72	93,19%	242.603.409,44	26,27%	222.644.884,94	91,77%

As obrigas recoñecidas netas do exercicio ascenden a 862.421,28 miles de euros, o que supón

un índice de ejecución do gasto de 80,03% sobre os créditos definitivos, e unha diminución do 6,53% respecto das obrigas do exercicio anterior.

Cadro 37 Liquidación agregada orzamento de gastos. Concellos tramo 1

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE GASTOS. EXERCICIO 2016 CONCELLOS TRAMO 1- Más de 50.000 habitantes						
CAPITULO	CREDITOS DEF	% EXECUCION	ORN	PESO	PAGOS	%PAGO
1 Gastos de persoal.	270.083.037,67	94,44%	255.059.859,36	29,57%	252.388.387,88	98,95%
2 Gastos correntes en bens e servizos.	442.170.099,03	87,71%	387.840.037,25	44,97%	363.766.671,86	93,79%
3 Gastos financeiros.	4.157.820,30	58,29%	2.423.772,48	0,28%	2.101.797,57	86,72%
4 Transferencias correntes.	102.231.521,35	87,09%	89.032.667,27	10,32%	79.832.115,47	89,67%
5 Fondo de continxencia.	1.038.129,41	0,00%	0,00	0,00%	0,00	-
<i>Gastos Correntes</i>	<i>819.680.607,76</i>	<i>89,59%</i>	<i>734.356.336,36</i>	<i>85,15%</i>	<i>698.088.972,78</i>	<i>95,06%</i>
6 Investimentos reais.	156.969.608,87	31,53%	49.496.069,85	5,74%	41.105.182,87	83,05%
7 Transferencias de capital.	30.262.461,18	36,20%	10.955.818,44	1,27%	10.147.737,49	92,62%
<i>Gastos capital</i>	<i>187.232.070,05</i>	<i>32,29%</i>	<i>60.451.888,29</i>	<i>7,01%</i>	<i>51.252.920,36</i>	<i>84,78%</i>
8 Activos financeiros.	3.276.338,64	86,26%	2.826.241,12	0,33%	2.781.713,67	98,42%
9 Pasivos financeiros.	67.487.827,93	96,00%	64.786.819,15	7,51%	61.420.644,38	94,80%
<i>Gastos Financeiros</i>	<i>70.764.166,57</i>	<i>95,55%</i>	<i>67.613.060,27</i>	<i>7,84%</i>	<i>64.202.358,05</i>	<i>94,96%</i>
Total	1.077.676.844,38	80,03%	862.421.284,92	100,00%	813.544.251,19	94,33%
A Coruña	296.768.677,37	78,78%	233.786.548,90	27,11%	225.431.484,86	96,43%
Ferrol	58.783.590,35	80,42%	47.273.741,00	5,48%	43.716.424,37	92,48%
Lugo	109.122.474,54	80,67%	88.028.341,41	10,21%	86.750.175,10	98,55%
Ourense	145.212.690,39	68,56%	99.563.450,63	11,54%	98.813.784,97	99,25%
Pontevedra	85.988.607,37	82,12%	70.617.208,49	8,19%	63.403.551,70	89,78%
Santiago de Compostela	121.462.468,64	79,70%	96.805.378,50	11,22%	83.527.815,17	86,28%
Vigo	260.338.335,72	86,94%	226.346.615,99	26,25%	211.901.015,02	93,62%

O resultado orzamentario agregado das sete cidades galegas ascende a 86.974,65 miles de euros, presentando todas elas un resultado positivo, e supón un aumento do 39,55% respecto do resultado orzamentario axustado do exercicio anterior.

Cadro 38 Resultado orzamentario. Concellos tramo 1

RESULTADO ORZAMENTARIO. EXERCICIO 2016 CONCELLOS TRAMO 1-Más de 50.000 habitantes				
CONCEPTO	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Rdo)	Resultado Orzamentario
a. Operacións correntes	899.493.584,98	734.356.336,36	0,00	165.137.248,62
b. Operacións de capital	12.995.459,72	60.451.888,29	0,00	-47.456.428,57
1. Total operacións non financeiras (a+b)	912.489.044,70	794.808.224,65	0,00	117.680.820,05
c) Activos financeiros	1.598.671,85	2.826.241,12	0,00	-1.227.569,27

RESULTADO ORZAMENTARIO. EXERCICIO 2016 CONCELLOS TRAMO 1-Máis de 50.000 habitantes				
CONCEPTO	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes (Rdo)	Resultado Orzamentario
d) Pasivos financeiros	9.418.415,27	64.786.819,15	0,00	-55.368.403,88
2.Total operacións financeira (c+d)	11.017.087,12	67.613.060,27	0,00	-56.595.973,15
RDO. ORZAMENTARIO. EXERCICIO (I=1+2)	923.506.131,82	862.421.284,92	0,00	61.084.846,90
3. Créditos gastados financiados con remanentes de tesourería para gastos xerais	0,00	0,00	55.377.112,48	0,00
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	0,00	0,00	19.433.825,24	0,00
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	0,00	0,00	14.522.100,49	0,00
II. Total axustes (II=3+4+5)	0,00	0,00	60.288.837,23	0,00
12 RDO. ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)	0,00	0,00	0,00	121.373.684,13
A Coruña	255.985.983,98	233.786.548,90	6.281.166,36	28.480.601,44
Ferrol	54.012.006,00	47.273.741,00	-379.971,58	6.358.293,42
Lugo	81.331.382,21	88.028.341,41	17.785.193,17	11.088.233,97
Ourense	113.378.890,35	99.563.450,63	17.266.996,59	31.082.436,31
Pontevedra	75.406.644,99	70.617.208,49	5.295.208,61	10.084.645,11
Santiago de Compostela	100.787.814,85	96.805.378,50	3.665.665,09	7.648.101,44
Vigo	242.603.409,44	226.346.615,99	10.374.578,99	26.631.372,44

IV.3.1.1 ESTRUTURA DOS ORZAMENTOS

No que respecta á estrutura do orzamento das sete cidades galegas sinálase o seguinte:

- Na vertente dos ingresos, os de natureza tributaria representan o 64,40% do total de ingresos, sendo o grupo de concellos de Galicia no que maior presenza teñen esta fonte de ingresos. Os ingresos procedentes doutras administracións públicas equivalen ao 32,91% dos seus ingresos totais, mentres que os ingresos procedentes do endebedamento supoñen o 1,19% do total de ingresos e os outros ingresos o 1,50% do total. A diminución anual dos ingresos (4,48%) procede fundamentalmente da baixada dos ingresos financeiros nun 62,89%, que en termos absolutos significan 18.668,14 miles de euros, e da baixada dos ingresos procedentes doutras administracións públicas, que caen un 5,45% (que importan 17.529,57 miles de euros). Prodúcense tamén caídas nos ingresos de natureza tributaria (0,63% ou 3.792,38 miles de euros) e noutros ingresos (19,54% ou 3.361,32 miles de euros).

Analizando esta evolución en termos acumulados dende o exercicio 2013, comprobouse unha caída acumulada do orzamento de ingresos do 1,95%, sendo os ingresos de natureza tributaria os únicos que presentan variacións negativas.

- Polo que respecta aos gastos, o 74,55% son gastos de funcionamento da entidade local

(capítulos I e II) e o 10,32% son gastos de transferencias (capítulo IV), representando entre ambos o 80,39% do gasto total destes concellos. O gasto de capital (Capítulos VI e VII) supón o 7,01% e a carga financeira (Capítulos III e IX) o 7,79%. Comparando este datos cos do exercicio anterior, obsérvase como a diminución anual do orzamento de gastos (6,53%) vén causado fundamentalmente pola diminución do gasto de capital nun 42,38%, que en termos absolutos significa 44.457,93 miles de euros; do gasto corrente nun 1,79% (ou 11.737,79 miles de euros en termos absolutos), así como pola diminución das transferencias correntes nun 7,22% (6.924,70 miles de euros).

En termos acumulados, dende o exercicio 2013 prodúcese una caída do orzamento de gastos do 4,39%, sendo o gasto corrente e outros gastos os únicos que presentan unha evolución positiva.

Cadro 39 Estrutura do orzamento. Concellos tramo 1

INGRESOS	2013	2014	2015	2016	Anual	Acumulada
Tributos	583.358.828,68	588.971.866,86	598.500.452,42	594.708.065,48	-0,63%	1,95%
Transferencias	310.930.507,44	301.190.391,76	321.469.390,33	303.939.823,65	-5,45%	-2,25%
Financeiros	31.616.551,59	16.956.553,51	29.685.224,45	11.017.087,12	-62,89%	-65,15%
Outros	15.943.318,37	14.692.949,82	17.202.480,51	13.841.155,57	-19,54%	-13,19%
TOTAL	941.849.206,08	921.811.761,95	966.857.547,71	923.506.131,82	-4,48%	-1,95%
GASTOS	2013	2014	2015	2016	Anual	Acumulada
Gasto Corrente	633.560.757,57	642.546.520,36	654.637.684,69	642.899.896,61	-1,79%	1,47%
Carga Financeira	79.681.011,76	73.302.666,79	65.565.591,69	67.210.591,63	2,51%	-15,65%
Transferencias Correntes	97.769.979,07	98.495.485,99	95.957.366,13	89.032.667,27	-7,22%	-8,94%
Gasto Capital	88.674.998,63	87.736.643,72	104.909.822,30	60.451.888,29	-42,38%	-31,83%
Outros	2.290.110,26	1.676.188,52	1.596.456,45	2.826.241,12	77,03%	23,41%
TOTAL	901.976.857,29	903.757.505,38	922.666.921,26	862.421.284,92	-6,53%	-4,39%

O seguinte cadro reflicte os ingresos por habitante contabilizados nos capítulos I a III, as transferencias así como os ingresos financeiros por habitante, xunto cos seus correspondentes índices. Apreciasi que os concellos de Ferrol, Lugo e Vigo están por debaixo da media en ingresos tributarios por habitante; son os concellos de A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol e Ourense os que reciben ingresos procedentes doutras Administracións Públicas por encima da media. Finalmente, en canto aos ingresos financeiros, destaca a situación de Pontevedra, Ferrol e Santiago de Compostela, con uns valores moi superiores á media dos concellos deste tramo.

Cadro 40 Detalle da estrutura do orzamento. Concellos tramo 1

ENTIDADE	TRIBUTARIOS	ÍNDICE	TRANSFERENCIAS	ÍNDICE	FINANCIEROS	ÍNDICE
A Coruña	632,85	105,11	375,96	122,19	8,80	78,89
Ferrol	399,24	66,31	326,23	106,02	33,46	300,13
Lugo	584,34	97,06	238,10	77,38	0,64	5,71
Ourense	746,47	123,98	314,72	102,28	3,95	35,42
Pontevedra	615,75	102,27	258,54	84,02	36,65	328,74
Santiago de Compostela	675,82	112,25	342,56	111,33	27,32	245,06
Vigo	549,43	91,26	269,75	87,67	1,56	13,98
TOTAL	602,07	100,00	307,7	100,00	11,15	100,00

Dado que nos capítulos I a III conviven tributos estatais con locais, así como o diferente sistema de financiamento das entidades locais, a mellor aproximación ao estudio do esforzo tributario que as entidades locais esixen aos seus habitantes, obtense da análise da recadación per cápita dos tributos de competencia local.

Cadro 41 Ingreso tributario por habitante. Concellos tramo 1

ENTIDADE	IBI	ÍNDICE	IAE	ÍNDICE	ICIO	ÍNDICE	IVTM	ÍNDICE	IIVTNU	ÍNDICE
A Coruña	244,35	98,32	47,28	122,48	8,48	117,16	59,50	112,32	33,08	97,83
Ferrol	238,78	96,08	29,91	77,48	5,55	76,71	46,30	87,39	17,33	51,27
Lugo	218,93	88,09	41,18	106,68	7,89	108,99	58,59	110,59	24,49	72,43
Ourense	311,66	125,40	15,45	40,01	5,29	73,10	49,39	93,22	66,80	197,56
Pontevedra	215,58	86,74	30,45	78,89	10,14	140,08	50,07	94,51	13,72	40,58
Santiago de Compostela	313,35	126,08	32,31	83,71	9,54	131,75	52,66	99,39	31,03	91,78
Vigo	229,44	92,32	45,26	117,25	5,50	75,93	49,45	93,33	36,05	106,63
TOTAL	248,53	100,00	38,60	100,00	7,24	100,00	52,98	100,00	33,81	100,00

Destaca o IBI por habitante dos concellos de Santiago de Compostela e Ourense; o IAE por habitante do concello de Vigo e A Coruña; o ICIO por habitante de Pontevedra e Santiago de Compostela; o IVTM de A Coruña e Lugo, e o IIVTNU de Ourense.

IV.3.1.2. EVOLUCIÓN DAS MAGNITUDES ORZAMENTARIAS

As sete cidades presentan aforro bruto positivo, reflectindo, polo tanto, a capacidade das entidades para financiar con recursos propios os investimentos e a amortización da débeda. É un resultado mellor que o obtido no exercicio pasado (6,25%) debido ao mellor comportamento desta magnitud nestes grupo de concellos, excepción feita dos concellos de A Coruña e Lugo.

**Cadro 42 Aforro Bruto. Concellos tramo 1**

CONCEPTO	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
Ingresos por operacións correntes (Capt. I a V)	889.200.241,21	888.257.174,72	911.502.561,11	899.493.584,98	-1,32%
Gastos por operacións correntes (Capt. I a V)	739.361.408,65	747.913.776,57	756.072.271,06	734.356.336,36	-2,87%
AFORRO BRUTO	149.838.832,56	140.343.398,15	155.430.290,05	165.137.248,62	6,25%
A Coruña	40.506.800,39	35.734.071,02	48.183.471,16	45.941.832,65	-4,65%
Ferrol	13.987.244,59	7.579.189,27	8.963.768,31	9.143.905,62	2,01%
Lugo	12.246.648,50	16.757.564,47	16.300.343,36	11.254.305,48	-30,96%
Ourense	20.404.133,14	21.281.332,69	22.099.967,52	32.163.318,35	45,54%
Pontevedra	14.247.855,97	16.141.704,62	11.305.457,04	16.651.734,87	47,29%
Santiago de Compostela	14.991.945,59	12.301.617,06	16.098.224,33	17.186.968,41	6,76%
Vigo	33.454.204,38	30.547.919,02	32.479.058,33	32.795.183,24	0,97%

E igualmente as sete cidades presentan unha situación de superávit por operacións non financeiras, que lles permite poder financiar os seus gastos sen necesidade de acudir a novo endebedamento. É un resultado mellor que o obtido no exercicio anterior (54,46%), producíndose notables retrocesos desta magnitude no concello de Lugo, áida que mantendo o seu carácter positivo.


Cadro 43 Superávit non financeiro. Concellos tramo 1

CONCEPTO	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
Total Ingresos non financeiros (Capt. I a VII)	910.232.654,49	904.855.208,44	937.172.323,26	912.489.044,70	-2,63%
Total Gastos non financeiros (Capt. I a VII)	828.036.407,28	835.650.420,29	860.982.093,36	794.808.224,65	-7,69%
SUPERÁVIT/DÉFICIT NON FINANCIERO	82.196.247,21	69.204.788,15	76.190.229,90	117.680.820,05	54,46%
A Coruña	4.885.323,74	2.360.047,26	15.497.850,13	31.020.731,02	100,16%
Ferrol	12.357.488,81	1.341.203,43	2.745.883,93	8.867.954,76	222,95%
Lugo	11.460.946,34	13.920.553,75	7.759.936,40	2.221.183,04	-71,38%
Ourense	18.712.645,38	18.020.529,71	11.330.283,64	29.588.955,79	161,15%
Pontevedra	948.295,66	5.181.233,15	4.217.922,81	5.948.176,52	41,02%
Santiago de Compostela	12.012.600,28	6.554.514,13	9.532.679,04	13.845.924,14	45,25%
Vigo	21.818.947,00	21.826.706,72	25.105.673,95	26.187.894,78	4,31%

Esta situación de superávit non financeiro permite a estes concellos finanziar os seus gastos sen necesidade de acudir a novo endebedamento, o que se traduce na diminución do saldo vivo do endebedamento nun importe de 55.368,40 miles de euros, reducindo todos eles o seu endebedamento neto.

Cadro 44 Variación endebedamento. Concellos tramo 1

CONCEPTO	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
Ingresos Pasivos Financeiros (Capt. IX)	29.780.195,11	15.137.583,45	27.268.880,19	9.418.415,27	-65,46%
Gastos Pasivos Financeiros (Capt. IX)	71.650.339,75	66.430.896,57	60.088.371,45	64.786.819,15	7,82%
INCREMENTO (+)/DIMINUCIÓN (-) ENDEBEDAMENTO	-41.870.144,64	-51.293.313,12	-32.819.491,26	-55.368.403,88	68,71%
A Coruña	2.479.183,22	-4.069.211,13	6.458.939,21	-7.603.357,57	-217,72%
Ferrol	-1.810.996,56	-2.261.682,42	-2.002.083,67	-2.124.713,05	6,13%
Lugo	-9.020.389,16	-6.189.272,42	-8.146.274,09	-8.925.592,28	9,57%
Ourense	-7.472.105,73	-12.079.673,35	-8.482.749,16	-15.830.533,29	86,62%
Pontevedra	-1.228.293,29	-3.216.383,80	-2.951.386,22	-1.094.929,66	-62,90%
Santiago de Compostela	-7.915.479,02	-11.246.245,64	-901.373,16	-9.858.176,70	993,68%
Vigo	-16.902.064,10	-12.230.844,36	-16.794.564,17	-9.931.101,33	-40,87%



IV.3.1.3. REMANENTE DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería indica a capacidade, da entidade local, para fazer fronte ás súas



débedas a curto prazo a fin de exercicio. Neste grupo de concellos, o seu importe agregado acadou un valor de 181.877,72 miles de euros, representando os saldos de dubidoso cobro o 63,72% do total de dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio.

Cadro 45 Remanente de tesourería. Concellos tramo 1

APUNTE	2013	2014	2015	2016	% Variac. 2016/2015
1. Fondos líquidos	235.242.009,20	214.433.097,72	235.123.781,53	251.725.599,96	7,06%
2. Dereitos pendentes de cobramento	341.154.686,59	345.769.137,04	357.042.255,83	355.589.907,97	-0,41%
3. Obrigas pendentes de pago	119.464.019,81	118.096.039,76	127.937.873,11	104.902.019,59	-18,01%
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	456.932.675,98	442.106.195,00	454.626.573,14	488.355.290,45	7,42%
II. Saldos de dubidoso cobramento	213.256.849,37	215.242.611,67	227.524.082,54	231.029.374,98	1,54%
III. Exceso de financiamento afectado	57.034.518,41	47.622.985,31	45.224.773,20	41.275.578,80	-8,73%
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I - II - III)	186.641.308,20	179.240.598,02	181.877.717,40	216.050.336,67	18,79%
A Coruña	15.788.103,02	7.643.900,95	8.940.494,18	22.800.079,91	155,02%
Ferrol	10.149.578,05	6.827.861,59	3.509.225,35	8.070.980,90	129,99%
Lugo	23.011.963,32	29.039.973,83	27.355.502,69	20.136.110,76	-26,39%
Ourense	38.357.509,63	43.405.637,69	45.563.153,20	55.733.743,33	22,32%
Pontevedra	13.645.433,37	12.291.564,39	11.698.476,61	14.050.240,16	20,10%
Santiago de Compostela	5.286.340,85	1.885.157,69	5.616.570,39	7.930.643,76	41,20%
Vigo	80.402.379,96	78.146.501,88	79.194.294,98	87.328.537,85	10,27%
Saldo 413	15.631.020,87	20.800.814,95	12.192.783,45	17.605.664,21	44,39%
A Coruña	5.567.926,69	4.547.455,99	4.377.562,85	3.770.878,29	-13,86%
Ferrol	2.541.344,74	10.415,38	1.145,00	11.743,06	925,59%
Lugo	893.128,76	968.476,82	1.133.448,86	1.174.660,30	3,64%
Ourense	1.451.594,02	9.304.548,98	3.046.804,16	6.169.905,25	102,50%
Pontevedra	259.296,47	16.141,79	897.265,45	420.186,51	-53,17%
Santiago de Compostela	651.734,85	151.491,05	472.615,64	1.525.982,03	222,88%
Vigo	4.265.995,34	5.802.284,94	2.263.941,49	4.532.308,77	100,20%

Todos os concellos de máis de 50.000 habitantes presentan un remanente de tesourería positivo.

Porén, esta cifra de remanente de tesourería debe corrixirse pola existencia de obligas vencidas e esixibles non imputadas ao orzamento. Estas obligas recóllense na conta 413 e ascenden a un importe total de 17.605,66 miles de euros, con un importante aumento do 44,39% respecto das cifras acadadas no exercicio anterior, coa excepción dos concellos de A Coruña e Pontevedra, onde este saldo presenta un menor valor que no exercicio precedente.

Esta contía de obligas pendentes de imputar ao orzamento debe ser minorada do remanente de tesourería para gastos xerais, a pesar do cal as cifras de todos os concellos seguen sendo

positivas.


IV.3.1.4. COMPARATIVA NACIONAL

Finalmente, a comparativa de ingresos e gastos por habitantes dos concellos de tramo 1 cos seus homólogos do resto do Estado, amosa os seguintes resultados:

COMUNIDADE AUTÓNOMA	INGRESO/HAB					GASTO/HAB				
	2013	2014	2015	2016	ÍNDICE	2013	2014	2015	2016	ÍNDICE
Andalucía	1.189,15	1.185,47	965,97	706,56	67,04%	1.041,74	1.079,17	885,04	646,21	64,81%
Aragón	1.070,08	1.067,51	1.196,95	1.109,47	105,27%	1.029,00	1.051,63	1.161,51	1.062,95	106,61%
Canarias	964,22	1.140,09	1.060,47	1.088,91	103,32%	892,94	1.074,95	917,34	968,06	97,09%
Cantabria	1.056,18	1.217,38	1.141,63	1.181,86	112,14%	993,51	1.133,55	1.039,65	1.029,30	103,24%
Castilla y León	963,45	1.008,20	1.002,27	1.018,46	96,63%	892,00	991,43	961,63	959,51	96,24%
Castilla-La Mancha	931,14	1.001,65	1.037,02	1.018,88	96,67%	861,79	952,20	985,65	941,83	94,46%
Catalunya	1.318,76	1.411,02	1.490,56	1.458,70	138,40%	1.232,83	1.371,72	1.452,40	1.405,51	140,97%
Comunitat Valenciana	920,68	1.005,18	1.102,85	1.055,04	100,10%	875,46	965,56	1.020,92	990,06	99,30%
Extremadura	900,43	858,48	850,33	434,49	41,23%	784,00	801,37	773,82	373,87	37,50%
Galicia	942,88	927,00	976,69	934,93	88,71%	902,96	908,84	932,05	873,09	87,57%
Illes Balears	1.258,81	1.407,44	1.280,74	1.118,28	106,10%	1.220,17	1.364,99	1.156,61	1.102,05	110,53%
La Rioja	836,74	907,99	934,65	912,43	86,57%	835,65	866,80	892,99	867,59	87,02%
Madrid	1.429,41	1.519,32	1.372,44	1.323,61	125,59%	1.255,79	1.464,40	1.231,53	1.276,22	128,00%
Principado de Asturias	957,45	969,13	990,40	1.014,68	96,27%	929,99	879,79	954,26	943,48	94,63%
Región de Murcia	911,51	972,99	962,05	972,07	92,23%	844,81	905,32	902,85	905,00	90,77%
MEDIA	1.118,55	1.178,49	1.129,58	1.053,94	100,00%	1.018,94	1.124,06	1.050,13	997,03	100,00%

As sete cidades galegas rexistran un ingreso por habitante que representa o 88,71% da media española, mentres que o gasto por habitante representa o 87,57% da media española. Este cadro permite observar como a situación empeora con respecto a exercicios anteriores. O peso orzamentario dos concellos de tramo 1 é escaso, e as diferenzas cos seus homólogos do resto do Estado mantéñense. As cifras de ingreso por habitante que presentan son das más baixas do Estado, superando solo ás dos concellos de La Rioja, Extremadura e Andalucía, aumentando o peso relativo dos mesmos con respecto ao exercicio anterior, no que o índice era do 86,46% da media nacional.

En materia de gastos, a situación é similar, presentándose unhas cifras de gasto por habitante afastadas da media, áinda que superiores ás que se presentan nas comunidades autónomas de La Rioja, Extremadura e Andalucía. Esta situación empeora respecto ao exercicio anterior, no que o gasto por habitante representaba o 88,76% da media nacional dos concellos de tamaño similar.



IV.3.2 CONCELLOS DE 20.001 A 50.000 HABITANTES

Este grupo está integrado por 15 concellos, que suman unha poboación de 430.712 habitantes (15,84% do total).

O seguinte cadro amosa a execución no exercicio 2016 dos orzamentos de ingresos e gastos dos concellos de poboación de 20.001 a 50.000 habitantes, así como o resultado orzamentario obtido no exercicio 2016, expresados en euros.

Os dereitos liquidados no exercicio 2016 (orzamento agregado) acadaron a cifra de 336.559,15 miles de euros, o que representa un índice de execución do 86,67% sobre as previsións definitivas, e supón unha diminución do 0,27% respecto dos dereitos liquidados no exercicio anterior.

Cadro 46 Liquidación agregada orzamento de ingresos. Concellos tramo 2

LIQUIDACIÓN AGREGADA ORZAMENTO DE INGRESOS. EXERCICIO 2016 CONCELLOS TRAMO 2- De 20.001 a 50.000 habitantes						
CAPÍTULO	PREVISIÓN DEF	% EXEC	DEREITOS RN	PESO	RECADADO	% COBRO
1 Impostos directos.	107.372.680,75	104,82%	112.551.343,43	33,44%	105.882.576,77	94,07%
2 Impostos indirectos.	5.229.565,00	104,66%	5.473.306,09	1,63%	5.374.038,87	98,19%
3 Taxas, prezos públicos e outros ingresos.	76.397.143,02	101,65%	77.659.102,32	23,07%	68.256.082,59	87,89%
